



PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA CONCELLO DE AVIÓN

Setembro 2020



Contido:

1	Introdución e obxecto	4
1.1	Obxectivos do Plan	5
1.2	Ámbito do Plan	6
1.3	Tramitación Ambiental	6
2	Marco normativo e Institucional	7
2.1	Marco normativo	7
2.2	Marco institucional	9
3	Contexto físico e socioeconómico do sistema de abastecemento do concello de Avión	10
3.1	Localización	10
3.2	Demografía	11
3.2.1	Poboación	11
3.3	Poboación activa	12
3.3.1	Tendencia prevista	13
3.3.2	Poboación na comarca do Ribeiro	14
3.4	Economía	16
3.5	Resumo de datos socioeconómicos	19
3.6	Usos do solo	21
3.7	Características climáticas, xeolóxicas e hidroxeolóxicas	22
3.7.1	Clasificación climática	24
3.7.2	Climodiagrama	25
3.7.3	Balace hídrico	26
3.7.4	Sistema de explotación	26
3.7.5	Características xeolóxicas	28
3.7.6	Descrición hidroxeolóxica	33
3.7.7	Hidrografía	33
4	Descrición e diagnóstico do sistema de abastecemento	36
4.1	Esquema gráfico do ciclo integral da auga	36
4.2	Recursos dispoñibles e áreas de captación	38
4.3	Demandas e usos da auga	43
4.3.1	Datos da CHMS	43
4.3.2	Datos de consumo de auga no concello de Avión	44
4.4	Dotacións de auga	44
4.4.1	Dotación segundo ITOHG	44
4.4.2	Dotación segundo Plan Hidrolóxico CHMS	45
4.4.3	Conclusión	45
4.5	Tarifas e custos da auga	45
4.5.1	Tarifas	46
4.5.2	Cota tributaria	46
4.5.3	Feito impoñible	46
4.5.4	Base impoñible	47
4.5.5	Custos	47
4.6	Infraestruturas do sistema de abastecemento	47
4.6.1	Captación e bombeo	47
4.6.2	Infraestruturas de transporte	49
4.6.3	Almacenamento	51
4.6.4	Tratamento	52
4.6.5	Infraestruturas para situacións de emerxencias	52
4.7	Rendemento do sistema de abastecemento	53



4.8	Reglas de operación.....	53
5	Condicionantes ambientais e sociais para a xestión das secas	54
5.1	Rede Natura 2000.....	54
5.2	Urbanismo.....	55
5.3	Catálogo de humidais de Galicia.....	56
6	O sistema de saneamento e depuración.....	58
6.1	Sistemas de depuración.....	59
6.2	Puntos de vertido	60
6.2.1	Puntos de vertido a espazos protexidos. Ambiental	61
6.2.2	Puntos de vertido a espazos protexidos. Uso recreativo	61
6.2.3	Puntos de vertido con afección a captacións.....	61
7	Diagnóstico: debilidades e fortalezas do sistema do ciclo integral da auga.....	63
7.1	Abastecemento.....	63
7.2	Saneamento.....	63
7.3	Funcionamento xeral do ciclo urbano da auga.....	64
8	Identificación de zonas, poboacións e actividades vulnerables.....	65
8.1	Zonas protexidas no Plan Hidrolóxico do Miño-Sil.....	65
9	Análise de secas previas e prognósticos nun contexto de cambio climático.....	67
9.1	Situación concreta no concello de Avión.....	69
10	Definición de escenarios de seca e condicións desencadeantes.....	71
10.1	Escenarios.....	71
10.1.1	Escenarios de escaseza	72
10.1.2	Declaración de situación excepcional por seca extraordinaria.....	73
10.2	Sistema de Indicadores.....	73
10.2.1	Captacións:.....	74
10.2.2	Depósitos:	74
10.2.3	Rede:.....	75
10.3	Accións e medidas para aplicar en secas	76
10.3.1	Medidas ante situación de seca prolongada.....	76
10.3.2	Medidas ante situación escaseza conxuntural.....	77
10.3.3	Medidas en situación excepcional de seca extraordinaria.....	¡Error! Marcador no definido.

ANEXO I: Fichas dos sistemas de abastecemento

PLANOS

01. Situación e Localización
02. Sistemas de abastecemento
03. Sistemas de saneamento
04. Hidroloxía
05. Espazos naturais protexidos

1 INTRODUCCIÓN E OBXECTO

Durante os últimos anos os períodos de escaseza de precipitacións e, derivado diso, de diminución dos recursos hídricos dispoñibles, a existencia de eventos que poden reducir puntualmente a calidade da auga destinada ao consumo humano ou os efectos do cambio climático puxeron de manifesto a existencia de situacións nas cales a garantía do abastecemento pode chegar a estar comprometida, tanto na súa cantidade coma na súa calidade.

Paliar as consecuencias destas situacións exige unha resposta áxil, acertada, coordinada e colaboraría por parte de todas as administracións competentes. Por iso é moi necesario que todas as administracións conten con instrumentos xurídicos axeitados para a xestión destes episodios de seca no marco das súas funcións e competencias coa dilixencia e a eficacia que a súa propia natureza demanda.

Galicia costa

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, enumera os principios xerais da política de augas da Comunidade Autónoma de Galicia. En materia de abastecemento, esta política fundaméntase en que a actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións garantirá a subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco do que indique a planificación hidrolóxica aplicable.

Nesta lei introdúcese un marco normativo que regula as medidas que cómpre aplicar en episodios de seca ou en situacións de risco sanitario, respectando o marco competente nesta materia, aínda que o desenvolvemento detallado na cuestión da seca queda especificamente regulado na *Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario*. Atendendo este marco competente, nesta lei establécense dous tipos de medidas para garantir o abastecemento en episodios de seca ou en situacións de risco sanitario, unhas aplicables en todo o territorio de Galicia e outras específicas do territorio da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, relacionadas coa xestión da bacía hidrográfica de competencia autonómica.

Confederación hidrográfica Miño-Sil

O “Plan especial de actuación en situacións de alerta y eventual sequía de la parte española de la demarcación hidrográfica Miño-Sil” foi aprobado mediante a Orde TEC/1399/2018, de 28 de novembro (BOE de 26 de decembro de 2018), pola que se aproba a revisión dos plans especiais de seca correspondentes ás demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar; á parte española das demarcacións hidrográficas do Miño-Sil, Duero, Taxo, Gadiana e Ebro; e ao ámbito de competencias do Estado da parte española da demarcación hidrográfica do Cantábrico Oriental.

A garantía na subministración de auga en cantidade e calidade adecuada exige a existencia dun marco de coordinación idóneo entre todas as administracións con competencias na materia. Con esta finalidade, a propia Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, regula as competencias tanto da Administración hidráulica de Galicia coma das entidades locais, e establece mecanismos para a colaboración entre as distintas administracións.

Con carácter xeral, esta regulación foi eficaz e permitiu mellorar a xestión dos sistemas de abastecemento e a construción de importantes infraestruturas, coa finalidade de incrementar a garantía na subministración da auga. Con todo, nos últimos anos, os períodos de escaseza de precipitacións e,

derivado diso, de diminución dos recursos hídricos dispoñibles, a existencia de eventos que poden reducir puntualmente a calidade da auga destinada ao consumo humano ou os efectos do cambio climático puxeron de manifesto a existencia de situacións nas cales a garantía do abastecemento pode chegar a estar comprometida, tanto na súa cantidade coma na súa calidade.

Nesta regulación de competencias o artigo 16.4 da citada lei, indica que os concellos nos seu ámbito territorial deberán:

- a) Garantir que a auga subministrada no seu ámbito territorial sexa apta para o consumo no punto de entrega á persoa consumidora, con independencia do medio que, de acordo co establecido na normativa, se utilice.
- b) Realizar o control da calidade da auga na billa da persoa consumidora en todas as augas de consumo humano proporcionadas a través de calquera rede de distribución, sexa pública ou privada, e a elaboración periódica dun informe dos resultados obtidos.
- c) Realizar o autocontrol da calidade da auga de consumo humano cando a xestión do abastecemento sexa realizada de forma directa polo propio concello.
- d) Garantir o cumprimento dos requisitos e das obrigas establecidos pola normativa vixente cando a captación, a condución, o tratamento de potabilización, a distribución ou o autocontrol da auga de consumo humano sexa realizado por xestores do servizo público distintos do concello.
- e) Garantir que a auga que as persoas titulares dos abastecementos privados e dos establecementos con actividades comerciais ou públicas poñan á disposición das persoas usuarias sexa auga apta para o consumo humano.
- f) Poñer en coñecemento da poboación, doutras administracións competentes e dos axentes económicos afectados as situacións de risco sanitario, así como as medidas preventivas e correctoras previstas, en coordinación coa correspondente consellaría competente en materia de sanidade; todo isto sen prexuízo das obrigas de información establecidas na normativa básica estatal a outros suxeitos.
- g) Cumprir as obrigas de vixilancia dos abastecementos individuais e domiciliarios ou das fontes naturais que proporcionen como media menos de dez metros cúbicos diarios de auga ou que abastezan menos de cincuenta persoas, así como adoptar e garantir que se aplican as medidas necesarias nos casos en que se perciba un risco potencial para a saúde das persoas derivado da calidade da auga distribuída.

No marco destas funcións propias das entidades locais, o concello de Avión desenvolve o Plan Municipal Ante o Risco de Seca en base aos contidos requiridos pola administración autonómica.

1.1 Obxectivos do Plan

O obxectivo xeral do Plan de Emerxencia ante o Risco de Seca no Concello de Avión ten como obxectivos prioritarios:

1. Minimizar os impactos ambientais, económicos e sociais dos eventuais episodios de seca no ámbito municipal.
2. Definir e identificación dos diferentes escenarios posibles que poderían darse en relación coa seca.
3. Establecer os diferentes niveis de alerta nos que poderían derivar as situacións de seca previsibles.
4. Establecer las pautas e mecanismos de coordinación con outras administracións implicadas na solución dos efectos da seca.
5. Definir medidas correctoras a partir dos medios propios ou externos dispoñibles.

1.2 Ámbito do Plan

No que se refire ao campo de actuación o Plan aborda a problemática derivada relacionada con escenarios de Seca, en particular todo o que garda relación coa garantía de abastecemento de auga á poboación e aos axentes sociais e económicos no concello.

No que respecta ao aspecto xeográfico, o presente Plan circunscríbese ao ámbito territorial e Administrativo do Concello de Avión.

1.3 Tramitación Ambiental

O marco regulador que articula o sometemento dos Plans e Programas ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica queda definido pola **Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental** .

Esta lei, no seu **artigo 5** recolle como definición de Plans e programas: *“o conxunto de estratexias, directrices e propostas destinadas a satisfacer necesidades sociais, non executables directamente, senón a través do seu desenvolvemento por medio de un ou varios proxectos”*. O presente Plan de Seca, sen deixar de ser unha ferramenta de planificación, non se encadra na definición recollida na lei ao non ter por obxecto o desenvolvemento de un ou varios proxectos senón que está fundamentalmente referido á disposición e organización de medios e recursos.

Por outra banda o **artigo 6 relativo ao ámbito de aplicación da avaliación ambiental** estratéxica indica que serán sometidos ao procedemento cando:

- Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización de medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural ou o uso do solo; ou ben,
- Requiran de unha avaliación por afectar a espazos da Rede Natura 2000 nos termos previstos na Lei 42/2007 de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

O Plan de seca non ten por obxecto establecer o marco para a futura autorización de ningún tipo de proxecto, nin tampouco causa efecto a espazos da Rede Natura 2000 nos termos indicados.

2 MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL

2.1 Marco normativo

Detállase a continuación o marco normativo relacionado

▶ *LEXISLACIÓN COMUNITARIA*

- Directiva 2006/118/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, ou Directiva Marco da Auga.
- Directiva 98/83/CE do Consello de 3 de novembro de 1998 relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano
- Directiva 91/676/CE do Consello, de 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos.
- Directiva 91/271/CEE do Consello, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas

▶ *LEXISLACIÓN ESTATAL:*

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas
- Instrución da Planificación Hidrolóxica aprobada por Orde ARM/2656/2008, desenvolve cun alto grao de detalle as instrucións necesarias para a elaboración dos plans hidrolóxicos e esixe a incorporación nos devanditos plans das medidas contempladas nos plans de seca.
- Regulamento da Planificación Hidrolóxica (RD 907/2007), que desenvolve algúns preceptos legais e completa a transposición da Directiva Marco da Auga ao ordenamento xurídico español
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986) recentemente actualizado a través do RD 638/2016
- Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional (PHN). En concreto recóllese:
 - Artigo 27.2: Os Organismos de conca elaborarán nos ámbitos dos Plans Hidrolóxicos de conca correspondentes, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da presente Lei, plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca, incluíndo as regras de explotación dos sistemas e as medidas para aplicar en relación co uso do dominio público hidráulico. Os citados plans, previo informe do Consello de Auga de cada conca, remitiranse ao Ministerio de Medio Ambiente para a súa aprobación.
 - Artigo 27.3: As Administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun Plan de Emerxencia ante situacións de seca. Devanditos Plans, que serán informados polo Organismo de conca ou Administración hidráulica correspondente, deberán ter en conta as regras e medidas

previstas nos Plans especiais a que se refire o apartado 2, e deberán atoparse operativos no prazo máximo de catro anos.

- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano
- Real Decreto 1138/90, do 14 de setembro polo que se aproba a Regulamentación técnico sanitaria para o abastecemento e control da calidade das augas potables de consumo público
- Lei 7/1985 de 2 de abril (consolidada), reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

► **LEXISLACIÓN AUTONÓMICA:**

- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia
- Instrución 2/2015, do 17 de abril, de planificación hidrolóxica da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa

► **LEXISLACIÓN ESPECÍFICA DAS DEMARCAÇÕES HIDROGRÁFICAS:**

- Plan Hidrolóxico 2016-2021 da Demarcación Hidrográfica correspondente, de entre as que teñen territorio en Galicia:
 - DH Galicia-Costa, aprobado por RD 11/2016, de 8 de xaneiro
 - DH Miño-Sil, DH Cantábrico Occidental e DH Duero. aprobados por RD 1/2016, de 8 de xaneiro
- Plan Especial de actuación en situación de alerta e eventual seca da Demarcación Hidrográfica correspondente, de entre as que teñen territorio en Galicia:
 - DH Galicia-Costa. aprobado por Consello da Xunta de Galicia do 1 de agosto de 2013 e publicado por resolución do 5 de setembro de 2013
 - DH Miño-Sil, DH Cantábrico Occidental e DH Duero, aprobados pola Orde TEC/1399/2018, de 28 de novembro

2.2 Marco institucional

O concello de Avión conta con un sistema de abastecemento practicamente individualizado para cada núcleo de poboación. Son sistemas, en xeral, illado que na meirande pare dos casos son de titularidade veciñal, compostos xeralmente por unha ou varias captacións que alimentan os depósitos de almacenamento e unha rede propia para cada localidade.

O plan recolle a identificación de todos os sistemas de abastecemento (municipais e veciñais), se ben debe terse en consideración que a capacidade do Concello de Avión para actuar sobre os sistemas privados é moi limitada. Neste senso o cometido municipal é, para estes casos, prestar apoio técnico e loxístico para que estas redes abastezan á poboación nas mellores condicións posibles tendo en conta sempre a titularidade privada dos mesmos.

Para os casos nos que tanto a titularidade das instalacións e coma a prestación do servizo corresponde ao Concello a situación presenta diferencias notables respecto dos casos anteriores. Nestes casos é de aplicación a ordenanza municipal que regula o abastecemento (*Ordenanza de la tasa por la prestación de los sevicios de abastecimento de agua, alcantarillado y depuración*)

3 CONTEXTO FÍSICO E SOCIOECONÓMICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE AVIÓN

3.1 Localización

Xeograficamente o concello de Avión sitúase no leste da provincia de Ourense, a carón xa da provincia de Pontevedra, laadeira leste da Serra do Suído.



Imaxe 1. Localización do concello de Avión.

En termos hidrolóxicos, a totalidade do territorio do concello de Avión está situada na conca do Río Miño, o que o sitúa na Demarcación Hidrográfica Miño-Sil. Nesta demarcación diferéncianse ámbitos para cada unidade de análise do plan especial de seca, que a efectos da seca prolongada estará relacionada coas zonas e subzonas do estudo de recursos do plan hidrolóxico e a efectos de escaseza, cos sistemas e subsistemas de explotación. É o caso das unidades territoriais, que debido ás diferencias entre as situacións de seca prolongada e as de escaseza conxuntural establécense unidades de xestión territoriais para ambos.

Por un lado, as unidades territoriais a efectos de seca prolongada (UTS) relacionadas co inventario de recursos hídricos en réxime natural do plan hidrolóxico, entendendo como tales a estimación cuantitativa, a descrición cualitativa e a distribución temporal dos recursos na demarcación xeográfica. Por outro lado están as unidades territoriais a efectos de escaseza (UTE), que están relacionadas cos sistemas de explotación do plan, conformados sobre a base das zonas ou subzonas sobre as que se establece o inventario de recursos.


Na parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, as UTS coinciden cos sistemas de explotación de recursos ao igual que as UTE debido a que a zonificación empregada para o inventario dos recursos hídricos naturais do plan hidrolóxico da conca foron os sistemas de explotación. Na Táboa 1 reflíctese a relación entre as UTS, as UTE e os sistemas de explotación.

Táboa 1. Relación entre UTS e UTE da DHMS

UTS	UTE	Sistema de explotación
UTS 01	UTE 01	Miño Alto
UTS 02	UTE 02	Miño Baixo

UTS	UTE	Sistema de explotación
UTS 03	UTE 03	Sil Superior
UTS 04	UTE 04	Sil Inferior
UTS 05	UTE 05	Cabe
UTS 06	UTE 06	Limia

O concello de Avión atópase no sistema Baixo Miño (UTE 02), o cal abarca a cunca do río Miño dende a súa confluencia co río Sil ata a desembocadura no Océano Atlántico. A totalidade deste sistema encóntrase na Comunidade Autónoma de Galicia.




Imaxe 2. Unidades territoriais da DHMS e situación do concello de Avión

3.2 Demografía

3.2.1 Poboación

Os últimos datos demográficos absolutos do concello de Avión presentan unha situación xeral na que existe unha forte tendencia á perda poboacional. Na serie histórica das últimas dúas décadas observase unha perda total de poboación próxima ao 40%.

No último lustro esta tendencia foi especialmente forte nos anos de maior crise económica chegando a taxas de perda de poboación de ata o 11% nun só ano. A situación no último lustro retoma valores mais moderados con perda media de poboación de aproximadamente o 2,5%.




Imaxe 3. Evolución demográfica no concello de Avión por sexos entre os anos 1998 e 2019. Fonte: I.G.E.

A distribución por sexos mantense aproximadamente estable dentro do total ao longo da serie histórica analizada. Aproximadamente o 55% da poboación son mulleres e o 45% homes.

3.3 Poboación activa

Para a realización dunha valoración da evolución nas últimas dúas décadas da poboación activa no concello de Avión, estúdanse tres grupos de idade. O arco 0-16 anos como poboación en idade escolar, 16-64 como arco representativo da idade activa laboral, e mais de 64 anos representando a poboación en idade de xubilación.



Imaxe 4. Evolución da poboación no concello de Avión por grupos de idades entre os anos 1998 e 2019. Fonte: I.G.E.

Na gráfica anterior observase unha marcada tendencia á redución da poboación activa. É moi representativo que nunha situación de descenso marcado do total de habitantes, a cantidade de persoas maiores de 64 anos é practicamente o mesmo en 1998 que en 2019. Pola contra a cantidade total de persoas en idade activa reduciuse un 55% pasando de 1.714 a finais da década dos noventa ata as actuais 772. Isto significa que en termos absolutos a porcentaxe de persoas maiores respecto de persoas novas (idade activa + escolar) pasa de un 32% a un 52%. No ano 2017 acadase no concello de Avión unha situación na que a metade da poboación (50%) ten unha idade superior aos 64 anos. Esta situación segue a ter unha tendencia crecente.

Considerando que a poboación de mais de 64 anos se mantén practicamente estable, a redución de poboación total do concello orixínase sobre todo na perda de poboación nova e activa, cun descenso do 67% da poboación xuvenil e un 55% de redución da poboación en idade activa.

En conclusión, a poboación do concello de Avión presenta un claro retroceso en termos absolutos e un importante envellecemento. A redución da poboación total do concello é causada polos decesos, emigracións e envellecemento da poboación. O alto grado de envellecemento da poboación dá como resultado unha alta mortalidade no concello, superior á comarcal, provincial e galega.

Táboa 2. Taxas brutas de mortalidade. Fonte: I.G.E.

	2003	2008	2013	2018
AVIÓN	17,07	13,06	19,28	22,43
COMARCA	16,23	16,84	17,43	20,24
PROVINCIA	13,96	14,15	14,03	15,35
GALICIA	11,00	10,73	11,05	12,00

3.3.1 Tendencia prevista

Non existen indicadores que mostren unha expectativa de cambio no concello. Considerando a progresiva perda de poboación activa e poboación nova semella que unha repunta inmediata podería pasar pola atracción de xente nova ao concello. Na actualidade non existe un polo socioeconómico suficientemente forte como para prever que esta situación se poida dar.

Nos últimos anos a tendencia de perda retardou o paso ata unha taxa de decrecemento absoluto de aproximadamente o 2% anual.

As políticas municipais están encamiñadas á mellora das condicións dos residentes no seu territorio como motor de cambio desta tendencia. Tendo isto en conta para a previsión da evolución poboacional no concello faise unha progresión lineal contemplando dúas hipóteses: unha pesimista con unha perda poboacional estimada do 2,5% anual, e outra optimista prevendo unha taxa de -1% anual.



Imaxe 5. Tendencia estimada prevista a partir da evolución da poboación nas últimas décadas no concello de Avión. Fonte dos datos históricos: I.G.E.

Baixo estas condicións no horizonte 2040 prevese que a poboación do concello de Avión poida situarse entre as 1100 e as 1450 persoas residentes.

3.3.2 Poboación na comarca do Ribeiro

A comarca do Ribeiro agrupa un conxunto de 9 concello na área occidental da provincia de Ourense:

- Arnoia
- Beade
- Carballeda de Avia
- Castrelo de Miño
- Cenlle
- Cortegada
- Leiro
- Melón
- Ribadavia




A poboación total de conxunto de concellos desta comarca sitúase na actualidade preto dos 16.000 habitantes, dos cales aproximadamente 1/3 pertenza ao concello de Ribadavia.

Nesta comarca a tendencia poboacional é, tamén, decrecente con unha taxa media de -1,5% anual na serie histórica dos últimos 20 anos. Todos os concellos presentan unha tendencia negativa na evolución da poboación, incluso Ribadavia presenta unha perda de habitantes (a mais feble dos concellos da comarca) de aproximadamente 500 persoas nas últimas dúas décadas.



Imaxe 6. Evolución demográfica na comarca de O Ribeiro por sexos entre os anos 1998 e 2019. Fonte: I.G.E.

A evolución da poboación na comarca presenta unha tendencia á redución con unha taxa sostida de aproximadamente -1% na primeira década dos anos 2000, chegando a valores significativamente maiores (ata -3,5%) nos anos de maior afección da crise entre o 2011 e ata 2014.




Imaxe 7. Evolución da poboación na comarca de O Ribeiro por grupos de idade entre os anos 1998 e 2019. Fonte: I.G.E.

Do mesmo xeito que sucede no caso particular do concello de Avión, a situación na comarca indica un envellecemento (non tan acusado) da poboación. Como pode observarse no gráfico anterior, a redución poboacional afecta maioritariamente á poboación activa e escolar. A porcentaxe de poboación maior de 64 sobre o total vai aumentando dende o 35% a finais dos anos 90, ata chegar ao 44% en 2019.

En resumo, para o caso da comarca de O Ribeiro, a situación é moi semellante ao concello de Avión

3.4 Economía

O concello de Avión conta cun censo de 74 empresas no concello. Atendendo á distribución por capítulos do CNAE 2009 a distribución queda do seguinte modo:



Imaxe 8. Empresas locais (Concello de Avión) por capítulos do CNAE 2009

Dentro de cada un deses sectores existen diferentes actividades empresariais relacionadas cos temas de cada capítulo. No concello de Avión destácanse os seguintes sistemas produtivos:

A. Sistema produtivo primario

1. Agricultura e pesca, é un sector non moi importante na actividade empresarial en Avión, e conta cun 7% do total dos ocupados, porcentaxe que se viu reducida nos últimos dez anos. Encóntrase que as actividades empresariais relacionadas son a agricultura e tamén as explotacións gandeiras por todo o concello. Trátase dun concello no que a superficie forestal é maioritaria, representado o 91% da superficie total municipal, o que limita as hectáreas destinadas a cultivo.

B. Sistema produtivo secundario e terciario

A continuación amósanse os sectores pertencentes a este sistema produtivo como son a industria, a construción e os servizos.


2. Industria, incluída a enerxía, representa o cuarto posto en canto a importancia en Avión cun 5% dos ocupados, sendo a única actividade empresarial a relacionada ca industria manufactureira.

3. Construción, é o segundo sector máis importante no concello de Avión e ten un 9% dos ocupados. Neste capítulo abárcase a actividade empresarial da propia construción.

4. Servizos, é o sector máis importante de Avión, e ademais conta cun 79% dos ocupados. Ten nas súas actividades empresariais o comercio por xunto e ó retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas, o transporte e almacenamento, a hostalaría, actividades financeiras, inmobiliarias, profesionais científicas e técnicas, a administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria, as

actividades sanitarias e de servizos sociais, artísticas, recreativas e de entretemento e por últimos outros servizos persoais.

No concello de Avión, como nos concellos limítrofes, sufriuse o fenómeno da emigración campesiña, a pesar do impulso experimentado nos sectores secundario e terciario. Por este motivo o peso do sector primario diminuíu de forma considerable, ocupando na actualidade o terceiro posto en número de ocupados.




Imaxe 9. Porcentaxe de ocupación por sectores. Fonte: I.G.E. datos relativos a marzo de 2020.

Táboa 3. Número de ocupados por sectores. Fonte: I.G.E. Datos relativos a marzo de 2020

Afiliações en alta laboral segundo rama de actividade económica			
Primario	Industria	Construción	Servizos
18	14	22	205

Unha análise mais detallada do estado do concello en canto á actividade empresarial por sectores permite particularizar por seccións do CNAE 2009:



Imaxe 10. Empresas locais (Concello de Avión) por seccións do CNAE 2009 no último lustro

Este gráfico permite particularizar o análise das actividades segundo a importancia actual, e a evolución nos últimos anos da implicación de cada unha no total da actividade empresarial no concello de Avión.

A actividade empresarial do sector primario representa un 19% da actividade total. Concretamente, a base desta actividade está nos cultivos non perennes e nas producións gandeiras e agrícola por un lado, e polo outro os servizos de apoio á silvicultura. Para este documento, hai que ter en conta que estas actividades, que xuntas presentan unha quinta parte da actividade económica en Avión, supoñen unha demanda de auga esencial para o seu correcto desenvolvemento.

Unha das actividades empresariais que supón unha maior representación no total é a construción, acadando unha quinta parte da actividade total (20%). Esta comprende a construción e o acabado de edificios.

Por outro lado, o sector de servizos abarca un 59% da representación total, basicamente repartida entre dúas actividades. Unha delas é o comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas. Especificamente, están involucrados exercicios como os comercios a retallo en establecementos non especializados, de artigos en establecementos especializados e en postos de venda e feiras. A outra actividade importante de sector é a hostalaría, onde destacan os servizos de comidas e bebidas en restaurantes e establecementos adecuados. Estas actividades non supoñen un uso abusivo de auga máis que para consumo humano nos locais e tampouco requiren a súa extracción.

Co análise destas catro actividades empresariais abarcouse catro quintas partes da actividade socioeconómica total, onde practicamente a metade destas supoñen uso de auga para o seu funcionamento.

3.5 Resumo de datos socioeconómicos

Nas táboas seguintes recóllense os valores dos principais indicadores socio-económicos para o concello de Avión para datos do ano 2019 segundo a información dispoñible no Instituto Galego de Estatística:

Táboa 4. Poboación (padrón)

	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	1.795	825	970	2019	INE
de 0 a 15 anos	98	59	39	2019	INE
de 16 a 64 anos	772	367	405	2019	INE
de 65 e máis anos	925	399	526	2019	INE
Poboación estranxeira	47	18	29	2019	INE
Idade media	60,35	58,06	62,4	2018	IGE

Táboa 5. Indicadores demográficos

			Dato	Período	Fonte
Taxa bruta de natalidade (o/oo)			-	2017	IGE
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)			22,33	2017	IGE
Índice de envellecemento			956,71	2018	IGE
Idade media á maternidade			-	2017	IGE
Número medio de fillos por muller			-	2017	IGE
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)			-	2017	IGE

Táboa 6. Paro rexistrado

Paro rexistrado	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Por idade					
Total	46	25	21	2019	CT
menores de 25 anos	4	2	2	2019	CT
outras idades	43	24	19	2019	CT
Por sectores de actividade					
Agricultura	3	3	0	2019	CT
Industria	7	3	4	2019	CT
Construción	3	3	0	2019	CT
Servizos	22	10	11	2019	CT
Sen emprego anterior	12	6	6	2019	CT

Táboa 7. Alumnos matriculados no ensino non universitario en centros sostidos con fondos públicos

			Dato	Período	Fonte
Educación infantil			12	2019	CCEOU
Educación primaria			29	2019	CCEOU
ESO			0	2019	CCEOU

Táboa 8. Afiliacións en alta laboral por sectores


			Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca			18	2019/Decembro	SS
Industria			14	2019/Decembro	SS
Construción			22	2019/Decembro	SS
Servizos			205	2019/Decembro	SS
Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social			69	2018	CT
Nº de contratos iniciais rexistrados			135	2019	CT

Táboa 9. Empresas por condición xurídica

	Dato	Ano	Fonte
Persoas físicas	52	2018	IGE
Sociedades anónimas		2018	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada	9	2018	IGE
Cooperativas		2018	IGE
Outras	13	2018	IGE

3.6 Usos do solo

Atendendo aos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística, o uso do solo no concello de Avión queda distribuído do seguinte modo:



Imaxe 11. Distribución do uso do solo no concello de Avión. Fonte: I.G.E.

A superficie total do concello é de aproximadamente 12.113 ha, das cales aproximadamente un terzo da mesma é superficie forestal arbórea mentres que practicamente o 60% do total está ocupado por monte baixo e pastoreo arbustivo.

Como pode observarse apenas 400 ha dedícanse ao uso agrícola propiamente dito (cultivo).

A situación presentada está logo moi claramente marcada polo uso forestal e agrogandeiro extensivo. Unha situación que concorda coa situación de organización produtiva na que predominan as comunidades de montes que, en moitos dos casos, son precisamente as responsables dos sistemas de abastecemento en cada núcleo ou parroquia.

No que se refire a agricultura, de toda a superficie agrícola utilizada está colleitada menos do 1% por cultivos herbáceos, viñedos e froiteiras. Segundo a superficie agrícola utilizada (S.A.U.) do concello, o número de hectáreas e a porcentaxe de cultivos aparecen reflectidos na Táboa 10.

Táboa 10. Distribución da superficie agrícola no concello de Avión. Fonte: I.G.E.

		S.A.U.	Froiteiras	Viñedos	Cultivos herbáceos (inclúe hortas e barbeito)
1.999	Sup. (ha)	453	72	7	50
	Porcentaxe (sobre a S.A.U.)	100%	0,16%	0,02%	0,11%
2009	Sup. (ha)	481	3	1	17
	Porcentaxe (sobre a S.A.U.)	100%	0,01%	0,002%	0,04%

Segundo os datos do I.G.E. máis do 90% das explotacións non superan as 5 ha, sendo tan só 1 a explotacións que ten máis de 50 ha. Polo tanto, existe unha forte redución do número de explotacións no concello como se mostra na Táboa 11.

Táboa 11. Número de explotacións con terras. Fonte: I.G.E.

	EXPLOTACIÓN CON TERRAS	0,1-5 ha	5-10 ha	10-20 ha	20-50 ha	>=50 ha
1.999	789	785	2	1	1	0
2009	75	67	7	0	0	1

Cabe destacar por outro lado que as explotacións gandeiras localizadas por todo o concello teñen unha tendencia diferente ao cultivo, como se reflicte na Táboa 12.

Táboa 12. Gandería en unidades gandeiras nas explotacións agrarias. Fonte: Censo Agrario.

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas nais
1.999	266	105	6	65	142	298	10
2009	48	13	1	7	37	226	0

Pódese observar como o numero de cabezas oscilou de maneira diferentes segundo a unidade gandeira. No caso dos bovinos, ovinos, porcinos, e equinos reduciron o seu número drasticamente. Mentres que no caso dos caprinos e das aves, a diminución foi máis lixeira. As unidades de coellas nais, desapareceu. Segundo os datos do I.G.E. a pesar de que o número de explotacións caeu, o número de animais é maior por explotación.

3.7 Características climáticas, xeolóxicas e hidroxeolóxicas

Un dos principais axentes abióticos a ter en conta á hora de facer unha caracterización da zoa onde se vai implantar o proxecto é o clima. Os factores climáticos inflúen directamente sobre os outros elementos, tanto físicos como bióticos, estando estreitamente relacionado coa formación do solo e a vexetación potencial. Así mesmo, atópase ligado coa topografía, afectando ambos factores á distribución das poboacións.

O clima vai vir definido por un conxunto de condicións atmosféricas, e que van a caracterizar o medio sobre o que actúa. Serán moitos axentes os que definirán a climatoloxía da zona, como son a temperatura, humidade, vento, precipitacións, entre outros.

Para a análise climático da área onde se enmarca o presente Plan de Emerxencia ante o Risco de Seca, tomáronse a media dos datos correspondentes ós últimos 10 anos. Para elo foron recompilados os datos obtidos pola estación de Amiudal, sita no concello de Avión, pertencente á rede de estacións de Meteogalicia, a única sita no concello de Avión cuxas coordenadas se mostran na seguinte táboa:

Táboa 13. Coordenadas da estación meteorolóxica de Avión (Amiudal)

Parámetro	Valor	
Latitude	42.4146	WGS84 (EPSG:4326)
Lonxitude	-8.23824	WGS84 (EPSG:4326)
Altitude	553	m

A rexión caracterízase por un clima temperado, desacatando pola suavidade das súas temperaturas (media anual de 12,5 °C), notable oscilación térmica (12,8 °C entre o mes máis cálido e o mes máis frío) e por abundantes precipitacións (1.435,89 mm anuais).

Na táboa móstranse as características termo-pluviométricas da estación meteorolóxica de Amiudal:

Táboa 14 Balance hídrico de la estación meteorolóxica de Amiudal

Parámetros	Uni.	Datos climáticos											
		Mes											
		Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Set.	Outubro	Novem.	Decem.
T	°C	6,5	6,6	8,9	11,2	13,7	16,6	19,2	19,3	17,5	14,0	9,0	7,4
TM	°C	10,1	11,1	14,4	17,2	20,0	23,1	26,6	27,0	24,6	19,4	12,7	11,0
Tm	°C	3,7	3,2	4,7	6,8	8,6	11,3	13,2	13,4	12,5	10,0	6,1	4,6
P	L/m ²	207,90	180,68	158,69	120,43	75,18	40,41	18,51	22,94	58,38	173,68	182,87	196,22
Hr	%	84,40	78,90	73,40	72,60	72,00	72,00	70,00	68,19	71,32	76,81	85,43	84,63
ETP	mm	23,34	32,64	60,08	85,43	116,42	132,55	153,22	137,43	96,13	57,46	27,85	21,98
E	mm	184,56	148,04	98,61	35,00	-41,24	0,00	0,00	0,00	-37,75	116,22	155,02	174,24
D	mm	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	92,14	134,71	114,49	0,00	0,00	0,00	0,00

T: Temperatura media
TM: Temperatura media máxima
Tm: Temperatura media mínima
P: Precipitación
Hr: Humidade relativa
ETP: Evapotranspiración
E: Exceso de precipitación
D: Déficit de precipitación

Para o cálculo da **evapotranspiración** usouse a fórmula obtida por Hargreaves (Hargreaves e Samani, 1985) para avaliar a evapotranspiración potencial, que ven dada pola seguinte expresión xeral:

$$ET_0 = 0,0135(T_{med} + 17,78)R_s$$

Onde: **ET₀** = evapotranspiración potencial diaria, mm/mes

T_{med} = temperatura media, °C

R_s = radiación solar incidente, convertida en mm/mes

A radiación solar incidente, **R_s**, avaláase a partir da radiación solar extraterrestre (a que chega á parte exterior da atmosfera, que sería a que chegaría o solo se non existise atmosfera); esta última lémolala nas táboas en función da latitude, do lugar e do mes. Sumani propón a seguinte expresión:

$$R_s = R_0 * KT * (TM - Tm)^{0,5}$$

Sendo: **R_s** = radiación solar incidente, en mm/mes

R₀ = radiación solar extraterrestre, en mm/mes

KT = coeficiente

TM = temperatura media máxima, en °C

Tm = temperatura media mínima, en °C

Os datos obtidos de **R₀** para unha latitude de 42° no hemisferio norte foron segundo *Allen et al., 1998*:

Parámetros	Uni.	Mes											
		Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setem.	Outubro	Novem.	Decem.
Radia. solar extraterrestre	mm/mes	173,6	218,4	331,7	417	499,1	513	517,7	458,8	357	269,7	186	158,1

O coeficiente **KT** da expresión é un coeficiente empírico que se pode calcular a partires de datos de presión atmosférica, pero Hargreaves (citado en Samani, 2000) recomenda **KT=0,162** para rexións do interior e **KT=0,19** para rexións costeiras.

3.7.1 Clasificación climática

O clima no seu aspecto máis global estúdiase en ámbitos rexionais de maior orde ó municipal para a súa situación no contexto xeral. Posteriormente serán detallados algúns aspectos particulares do ámbito concreto en estudo.

Para obter a caracterización climatolóxica do entorno de estudo consultouse a seguinte información:

- “Guía resumida del clima en España 1971-2000”
- “Mapas Climáticos de España (1981-2010) y ETo (1996-2016)” (AEMET. Ministerio para la Transición Ecológica)
- “ATLAS CLIMÁTICO IBÉRICO” (AEMET. Ministerio de agricultura, alimentación y Medio Ambiente)
- Geoportal del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente
- Meteogalicia (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio)

Segundo a clasificación climática de Köppen para a Península Ibérica, o ámbito de estudo pertencente a un clima temperado tipo “**Csb**”, con verán seco e temperado, onde con cada letra se indica o seguinte:

- **C**: temperatura media do mes máis frío entre -3 e 18 °C e o mes máis cálido superior a 10 °C.
- **s**: precipitación do mes máis seco de verán en inferior a 300 mm e do mes máis chuvioso de inverno tres veces superior.
- **b**: temperatura media do mes máis cálido é inferior a 22 °C, pero con a lo menos catro meses con temperatura media superior a 10 °C. Abarca a maior parte do noroeste da Península, así como case todo o litoral oeste de Portugal Continental e numerosas áreas montañosas do interior da Península.



Imaxe 12. Clasificación climática de Köppen-Geiger na Península Ibérica, Baleares e Canarias (1981-2010)

3.7.2 Climodiagrama

Xa para a análise máis concreta do entorno no que se enmarca o presente documento, realízase un diagrama ombrométrico introducido por Gauss, resultado da combinación dos datos obtidos no réxime térmico e pluviométrico.

Na seguinte figura pódese observar un diagrama de Gauss realizado con datos obtidos na estación meteorolóxica de Amiudal para o período 2010-2019:




Figura 1. Diagrama ombrotérmico

Os parámetros ecolóxicos de natureza climática que se poden deducir do anterior climograma son:

- **Intervalo de seca** . Lonxitude, expresada no eixo de abscisas polos meses do ano, onde a liña de precipitacións se atopa por debaixo da de temperaturas.
- **Período de actividade vexetativa** . Número de meses do ano que a temperatura media mensual supera os 7,5 °C.


Tendo en conta os puntos citados, pode **observarse un período de seca non moi extrema nos meses de xullo e agosto**, debido a que a liña de temperaturas se atopa por riba da área de precipitacións. Deste xeito poden preverse problemas derivados da seca, cuxa influencia no medio dependerá tamén das características edáficas.

Por outro lado, non cabe esperar inactividade vexetativa na zona, xa que, como se observa na gráfica, a liña de temperaturas medias sitúase en todo momento por riba da liña limiar dos 7,5 °C.

3.7.3 Balance hídrico

Como se observa na Táboa 14 *Balance hídrico de la estación meteorolóxica de Amiudal*, os meses de xuño, xullo e agosto obsérvase un déficit de precipitacións, posto que a cantidade de choiva caída na zona é inferior ó parámetro ETP. A partir de setembro, o solo comeza a recuperar ditas carencias hídricas.

Como é habitual nas zonas situadas entre o Trópico de Cáncer e o Círculo Polar Ártico, os meses de maior cantidade de precipitacións son os correspondentes ós últimos e primeiros meses do ano.



Imaxe 13 Balance entre precipitación e evapotranspiración (mm). Fonte: AEMET. Período 1996-2016

3.7.4 Sistema de explotación

O municipio de Avión atópase enmarcado (99,17 % da súa superficie) no sistema Miño Baixo, pertencente a Demarcación Hidrográfica Miño-Sil. Este sistema engloba a conca do río Miño dende a súa confluencia co río Sil ata a súa desembocadura no Océano Atlántico (fronteira con Portugal). A superficie global da bacia é aproximadamente de 16.259,90 km², dos cales 3.589,27 km² sitúanse no sistema Baixo Miño.

A continuación axúntanse varias táboas coa información máis relevante da demarcación e que serve para caracterizala de forma esquemática para unha mellor comprensión do contido do presente Plan de Emerxencia ante o Risco de Seca. Os datos mostrados proceden principalmente do documento DGA-CEH (2017) titulado "Síntesis de los Planes Hidrológicos Españoles. Segundo ciclo de la DMA (2015-2021)", o cal recolle toda a información dos plans hidrolóxicos formalmente remitida á Comisión Europea, e en orixe do plan hidrolóxico de conca aprobado polo RD 1/2016, de 8 de xaneiro.

Táboa 15 Principais datos administrativos DH Miño-Sil

Marco administrativo da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil		
Área demarcación (km ²)	17.567 (sen augas costeiras)	17.588 (con augas costeiras)
Poboación ano 2016 (hab)	802.432	
Comunidade autónomas	Galicia (77,02 %), Castilla y León (22,90 %) e Asturias (0,08 %)	
Nº de Sistemas de abastecemento de máis de 20.000 habitantes	5 (Ourense, Lugo, Ponferrada, Ponteareas e Consorcio de Augas de Louro: O Poriño, Tui, Mos e Salceda de Caselas)	
País fronteirizo	Portugal	

Táboa 16 Principais datos de recursos e aportacións DH Miño-Sil

Datos recursos e aportacións		
Precipitación media anual	1.156,31 mm/ano	
Rango	796,45 – 1.859,36 mm/ano	
Embalses (nº e hm ³ capacidade)	75 embalses cunha capacidade máxima total de 3.365,80 hm ³	
Aportación media anual total en réxime natural (hm ³ /ano)	Período 1940/41–2011/12	13.036
	Período 1980/81–2011/12	11.821
Transferencia dende Galicia Costa e Cantábrico Occidental (hm ³ /ano)	Cedida	0,10
	Recibida	1,80
Reutilización (hm ³ /ano)	-	
Desalinización (hm ³ /ano)	-	

Táboa 17 Principais datos de demanda DH Miño-Sil

Datos demandas (2015)		
Abastecemento á poboación	Nº UDU	200
	Nº habitantes	825.851
	Valor demanda (hm ³ /ano)	97,99
Agraria	Nº UDA	243
	ha regadas	21.235,27
	Valor demanda (hm ³ /ano)	319,71
Industrial	Nº UDI	475
	Valor demanda (hm ³ /ano)	17,28
Outros usos	Valor demanda (hm ³ /ano)	3,74 (1,03 representa uso construtivo)
Acuicultura	Nº de instalacións	26
Enerxía hidroeléctrica	Nº de instalacións	88
	Potencia (MW)	3.130,39
	Caudal máximo turbinable (m ³ /s)	4.986,87

Táboa 18 Nº de masas de auga da demarcación segundo natureza e categoría DH Miño-Sil

Masas de auga	Natureza	Categoría				Total	Nº total de masas
		Río	Lago	Transición	Costeira		
Superficiais	Naturais	204	1	2	2	209	279

	Artificiais	-					2	
	Moi modificadas	Embalses	Outros	-	-	-	68	
		30	38					
	Total	272		3	2	2	279	
Subterráneas							6	6

Táboa 19 Masas con caudais ecolóxicos mínimos asignados DH Miño-Sil

Datos recursos e aportacións	
Nº de masas de auga con valor asignado de caudal ecolóxico mínimo	277
Nº de masas de auga con valor asignado de caudal ecolóxico mínimo en secas	177
Nº de masas de auga en Rede Natura ás que non se asigna caudal ecolóxico mínimo en secas	100

Os recursos naturais totais xerados no sistema Miño Baixo ascenden a 5.540,71 hm³/ano para a serie correspondente ó período 1980/81-2011/12. Destes, 1.774,57 hm³/ano proceden da aportación superficial e 766,14 hm³/ano da aportación subterránea.

3.7.5 Características xeolóxicas

O municipio de Avión enmárcase dentro dos límites das follas de Ponte Caldelas e Pontearreas pertencentes o mapa xeolóxico de España elaboradas polo Instituto Geolóxico y Minero de España publicadas en 1984.

Como se describe en ditas publicacións Avión sitúase dentro da xeoloxía rexional ó norte da zona Centroibérica de JULIVERT, M. et. Al (1972) ou ben na zona de Galicia Media-Tras-os-Montes de MATTE, Ph. (1968) segundo os esquemas paleoxeográficos e estruturais establecidos polos autores mencionados para o NO da Península Ibérica.

Morfoloxicamente o marco no que se insire a folla Ponte Caldelas ten dúas partes condicionadas pola erosión diferencial: unha ó oeste e sur con gran predominio granítico na que resulta difícil adiviñar ningún tipo de superficie principal de erosión, onde a rede hidrográfica instálase, principalmente, en fracturas tardihercínicas e diaclasas graníticas; e unha segunda zona asentada ó NE predominantemente de lousa na que se define con bastante claridade o resto dunha penechira situada entre os 650-850 m de altitude con respecto ó nivel do mar.

Particularmente ó municipio de Avión non se asenta sobre a superficie granítica predominante en toda a metade oeste indicada nos planos correspondentes ás follas de Ponte Caldelas e Pontearreas, soamente estando influenciada polas seccións graníticas asentadas nas zonas ó leste que unen ambos mapas xeolóxicos. O resto do termo municipal establecece sobre a penechira onde predominan as rochas de lousa, retocada pola rede fluvial do río Avia.

3.7.5.1 Estratigrafía

3.7.5.1.1 PRECÁBRICO-ORDOVÍCIO INFERIOR

As rocas paleozoicas aflorantes ocupan a maioría da superficie de Avión. Son fundamentalmente esquistos, ampelitas, cuarcitas, anfibolitas e un nivel guía de ortoneis que describen no seu conxunto unha estrutura sinclinal e que están afectadas como mínimo por dúas fases principais de deformación. A idade destas rochas metamórficas é descoñecida, variando entre o Precámbrico ó Ordovícico Inferior.

MICAESQUISTOS GRISES E ESQUISTOS VERDES ALBÍTICOS. MICAESQUISTOS GRISES CON ESTAUROLITA E/OU GRANATE (PC-O₁^Q₁, PC-O₁PM)

Estas rocas sitúanse a muro das cuarcitas brancas taboadas (PC-O₁q₁). Litoloxicamente trátase dunha potente serie detrítica, moi monótona, formada por sedimentos pelíticos con algún horizonte detrítico máis groseiro que sufriron un metamorfismo de tipo epi a mesozonal durante a oroxenia hercínica transformando os citados sedimentos pelíticos en micaesquistos e as areniscas en cuarcitas.

Na zona que ocupa o municipio de Avión, os sedimentos son principalmente pelíticos e os esquistos micáceos presentan unha superficie de esquistosidade con frecuentes ondulacións, de aspecto brillante, lustroso, debidas fundamentalmente á influencia granítica que desenrola aquí un metamorfismo de contacto de considerable amplitude.

Os esquistos presentan finos leitos de cuarzo de segregación paralelos á superficie de esquistosidade S₁, encontrándose normalmente nas charneiras dos pregues de fase 3. Entre eles afloran en abundancia esquistos grafitosos de cores negros frecuentemente alterados.

Así mesmo, existe algún nivel de vulcanitas (riolitas) non cartografables pola súa escasa potencia. En toda a folla correspondente a Ponte Caldelas foron identificados dous puntos, pero só un se atopa dentro dos límites do municipio de Avión, nas proximidades da Chaira da Veiga.

Xa cara o teito deste tramo (inferior a das cuarcitas taboadas) o feldespato (albita) comeza a ser frecuente e os porfidoblastos das ós esquistos un aspecto de rocha volcánica.

CUARCITAS (S.L.) (PC-O₁^Q, PC-O₁^QM)

Entre os esquistos anteriormente descritos son frecuentes algúns tramos ou lentellóns cuarcíticos de dimensións e potencias variables.

Afloran como niveis de escasa potencia con intercalación esquistosas, o seu tamaño de gran varía de medio a fino e están normalmente (aínda que non sempre) recristalizadas.

AMPELITAS E CUARCITAS NEGRAS (PC-O₁ AP)

Afloran na parte alta da serie, no centro da senforma e intercaladas nos esquistos micáceos e lousas verdes. As ampelitas constitúen un nivel de 0,5 m de potencia que pode ter certa continuidade, aínda que é de difícil localización. É unha roca de cor escuro, moi alterada, entre a que se intercala algún nivel cuarcítico de escasos centímetros de espesor, nos que non se observa presenza de restos fósiles.

Relativamente próximos á ampelitas, aflora un lentellón de cuarcitas negras, de extensión lateral máis reducida que aqueles. A potencia pode acadar 1 m e aparecen taboadas en niveis de 1-2 cm separados por unha superficie S₁ que desenrola minerais micáceos. O tamaño do gran e moi fino e están recristalizadas. Teñen elevada proporción de cuarzo (ortocuarzitas) e materia carbonosa.

MICAESQUISTOS GRISES E ESQUISTOS VERDES ALBÍTICOS. MICAESQUISTOS GRISES E ESQUISTOS VERDES ALBÍTICOS CON GRANATE (PC-O₁^P₁, PC-O₁P₁M)

O tramo superior supracuarcítico está definido pola presenza de tres niveis de anfibolitas, un lentellón de ortoneis e algúns niveis cuarcíticos, todos eles descontínuos, nunha serie esquistosa non moi diferente do tramo superior da serie infracuarzitas taboadas. Por elo no mapa asígnaselle unha cor e unhas siglas diferentes.

A este conxunto superior defínuselle como "Serie de Forcarei" na realización da folla 153, Cerdedo, KLEIN, E. (1979).

Os esquistos, nos que xa non se detectan os cristais de estaurólita, son como dixemos de características similares ós descritos no apartado "Micaesquistos grises e esquistos verdes albíticos. micaesquistos grises con estaurólita e/ou granate (PC-o1Q1, PC-O1pM)", se ben aquí son máis abundantes os porfidoblastos de albita e parece ser menor a proporción de cuarzo de exudación.

ANFIBOLITAS (PC-O₁ AF, PC-O₁ AFM)

É unha zona de desigual desenrolo nos flancos do sinclinorio de Beariz. Na parte norte do flanco occidental, pode acadar a citada zona os 600 m de anchura, estando constituída por tres niveis de anfibolitas que levan intercalado un lentellón de ortoneis. Esta área reduce o seu tamaño considerablemente nas proximidades de Baíse (zona norte do municipio de Avión), desaparecendo dúas das barras anfibólicas, así como o ortoneis, quedando reducidas deste xeito as anfibolitas a un só nivel na parte sur do flanco occidental e en todo o flanco oriental. Este nivel pode acadar unha potencia máxima de 10 m.

O espesor de cada nivel (cando son tres) poden acadar os 100m, aínda que o normal é que non pasen dos 60 m. Neles as anfibolitas son masivas, adoptan un aspecto verdoso moi característico, son de gran moi fino, teñen algunha intercalación esquistosa e normalmente preséntase en forma en forma taboada en leitos de 2 ou 3 cm. Nada se sabe en canto a súa orixe que pode ser orto o para.

O lentexón de ortoneis intercalado entre o 1º 2º de anfibolita describe se máis polo miúdo no apartado de Petroloxía.

CUARCITAS (PC-O₁ Q₂, PC-O₁ Q₂M)

Son dous niveis descontinuos, cartografados no franco occidental do Sinclinorio de Beariz. Estes niveis teñen escasa potencia (≈ 3,5 m), están separados entre si por esquistos albíticos uns 100 m, desenrolándose o nivel superior case exclusivamente nas charneiras da macroestrutura que describen.

3.7.5.1.2 Cuaternario

De nulo desenrolo dentro dos límites do municipio de Avión, estes depósitos consisten principalmente en materiais aluviais compostos sobre todo por áreas procedentes da denudación dos macizos graníticos, así como cantos de cuarzo e esquistos de diversa granulometría. A súa importancia estriba en que algúns puntos situados ó norte do municipio en estudo onde os aluviós presentan concentracións importantes de casiterita.

3.7.5.2 Tectónica

O Noroeste da Península Ibérica caracterízase por estar afectado dunha tectónica polifásica de idade Hercínica se ben, a veces, aparece algún elemento a favor de fenómenos que puideran considerarse como caledonianos.

3.7.5.3 Petroloxía

3.7.5.3.1 ORTONEIS

Entre a primeira e segunda barra de anfibolitas (PC-O₁ af) aflora unha capa de desigual potencia (0,5 m a 50 m) de ortoneis gris a gris-amarelo. A roca ten predominio de feldespato sobre cuarzo, un aspecto bandeado con relativa igualdade de biotita e moscovita aínda que ambas escasas. A textura é case masiva, o gran medio-fino e os contactos cos esquistos albíticos adxacentes moi netos.

As mostras estudadas conteñen principalmente cuarzo, microclina, albita e escasamente biotita e moscovita. Tamén ten minerais opacos ademais de apatito e zircón.

A textura é porfidoblástica, posta de manifesto pola presenza de fenocristais ovoides de microclina poiquilítica (cuarzo y plagioclasa, principalmente) de tamaño medio a grosso e de máis escasa plagioclasa

ácida morfoloxicamente similar ó feldespato potásico pero de tamaño algo menor. A matriz que os rodea é de cuarzo de gran moi fino, recristalizado e algo orientado entre o que se atopan fileiras flexuosas e descontinuas de biotitas pequenas intimamente relacionadas con minerais opacos.

3.7.5.3.2 Metamorfismo rexional

Os materiais ós que se atribúen unha idade Ordovícica Inferior, ou máis antiga, están afectados por uns metamorfismos que poden denominarse de grado baixo a “alto” comezante, seguindo a terminoloxía empregada por WINKLER (1978).

Destínguense dúas formacións principais diferenciadas tanto polo quimismo das rochas como polo aspecto macroscópico delas. Resulta ademais que as metamorfitas interiores estratigraficamente son monometamórficas mentres que as superiores son polimetamórficas. As primeiras corresponden á secuencia denominada de micaesquistos grises e as segundas ós esquistos verdes con albita, entre os que se atopan intercalados os niveis de cuarcita e de anfibolitas.

MICASQUISTOS GRISES

Corresponde esta formación ás metapelitas relativamente ricas en grafito que están afectadas polo metamorfismo hercínico rexional. Trátase de uns micaesquistos constituídos esencialmente por cantidades variables de cuarzo, biotita e moscovita ós que pode acompañar outros minerais índices de metamorfismo que se presentan distribuídos segundo unha zonificación moi netamente definidos. A orde de formación que se observa é: clorita-biotita-granate-estaurolita-andalucita, sillimanita-feldespato potásico.

As condicións físicas do metamorfismo destes micaesquistos grises atópase sempre por riba da isograda granate (+), mentres que as dúas precedentes están practicamente confinadas na zona de esquistos verdes con albita.

A ausencia de distenia e a desaparición da estaurolita xa na isograda da sillimanita (+) indican unha presión da orde dos 5 kb. Trátase polo tanto dun metamorfismo de baixa presión que garda estreita relación co emprazamento dos granitos alcalinos.

ESQUISTOS VERDES CON ALBITA, ANFIBOLITAS E CUARCITAS

Os esquistos verdes están constituídos por cuarzo, mica branca, biotita ou clorita e albita, ademais de granates ocasionais. Os accesorios menores son minerais opacos, circón, turmalina, apatito y rutilo. Este é, ademais de albita un carácter moi distintivo respecto ós micaesquistos grises xa que eles son comúns os dous primeiros e máis escasos nos dous seguintes, mentres que no último está totalmente ausente.

As rochas presentan unha alternancia irregular de leitos cuarcíticos con delgadas bandas micáceas lipidoblásticas sobre as que soe ter lugar a blastesis de albita. Esta aparece en forma de porfidoblastos algo redondeados ou amigdalares moi marcadamente rotacionais e que conteñen inclusións de cuarzo, minerais opacos, granate e rutilo. Os cristais preséntanse case sempre mesturados segundo a lei Carlsbad.

O metamorfismo hercínico nestes materiais tradúcese principalmente no crecemento de granates postesquistosos e máis accidentalmente, de estaurolita e andalucita.

A presenza de granates preesquistosos e rutilos incluídos nas albitas evocan a existencia dun metamorfismo prehercínico de presión máis elevada que non se manifesta na formación de micaesquistos grises infraxacentes.

En canto as cuarcitas intercaladas nesta serie non é necesario insistir na súa descrición xa que a súa principal diferenza nun contido máis baixo de micas e albita que nos esquistos verdes.

As anfíbolitas presentes nesta formación están constituídas por anfíboles lixeiramente azulados acompañados de albita, escasa zoisita, algún granate e accesorios menores tales como rutilo, titanita, zircón e apatito. O anfíbol soe dispoñerse con carácter lixeiramente nematoblástico e a albita forma cristais algo redondeados ou ovoides asociados ás epidotas.

3.7.5.3.3 Metamorfismo de contacto

No que ós granitos alcalinos se refire parece ser unha continuación do metamorfismo rexional hercínico e tradúcese no recrecemento de cristais de andalucita ou no desenrolo de algúns deles, ademais de blastos tardíos de biotita e clorita en condicións totalmente estáticas. A intensidade deste metamorfismo descendente ademais de coa magnitude dos afloramentos graníticos coa situación dos mesmos na escala cronolóxica, xa que cos máis modernos producen unha aureola de contacto moi débil ou nula. En tódolos casos soe ir seguido de fenómenos máis o menos acusados de sericitización e turmalinización das rochas.

3.7.5.3.4 Rochas graníticas

Dentro do municipio de Avión coexisten dous grupos fundamentais de rochas graníticas: un de granitos de dúas micas (alcalinos) e outro de granodioritas con gran predominio biotítico (calcoalcalinos). Os primeiros só teñen unha presenza residual na parte oeste do municipio e o nordeste do mesmo (granito alcalino de Beariz), mentres que os segundos ocupan gran parte do hemisferio sur de Avión polo que unicamente se atende a estes últimos, presentándose en forma de granodiorita precoz, sen presenza de granodiorita tardía.

GRANODIORITA PRECOZ ($2^{\vee}n_B^2$)

Aflora ó sur do municipio de Avión, no macizo de forma alongada que é paralelo en liñas xerais á dirección das principais formacións e estruturas rexionais. É intrusiva, ten contactos netos coas series metamórficas adxacentes e non se observan facies finas de borde. No interior desta mancha calcoalcalina obsérvanse restos esquistosos non asimilados por ela (a veces de considerable extensión).

Caracterízase pola súa gran riqueza en biotita, a presenza de megacristais de feldespato, e a pobreza en minerais neumatolíticos e hidrotermais. Á diferenza doutras zonas de Galicia ten aquí escasos enclaves de rochas microgranuladas. O macizo por outra parte, está cruzado por numerosos diques ácidos, aplitas fundamentalmente, en cuxas proximidades as rochas presentan un enriquecemento en moscovita.

O estudo microscópico destas rochas pon de manifesto a existencia duns caracteres moi peculiares que as diferencia notablemente dos outros granitos presentes na zona. Os minerais esenciais son: cuarzo,, microclina, plagioclasa, biotita e moscovita, acompañados sempre de minerais opacos e pequenos apatitos e zircóns.

Pódese dicir para estas granodioritas que a súa aparencia microscópica é a dunhas rochas porfídicas con fenocristais dos dous feldespatos e leitos micáceos orientados que resaltan dentro dunha matriz cuarcita de gran fino. Dentro destas podemos atopar dous tipos:

- **Granodiorita precoz de gran groso ($2^{\vee}n_B^2$)**
- **Granodiorita precoz de gran medio-fino ($3-4^{\vee}n_B^2$)**

3.7.5.3.5 Rochas filonianas

Dentro dos límites administrativos do municipio so se enmarcan dentro das rochas filonianas os filóns ácidos mineralizados, quedando descartada a presenza de Diabasa e Pegmatitas, presentes en áreas adxacentes a Avión correspondentes a folla xeolóxica de Ponte Caldelas.

FILÓNS ÁCIDOS MINERALIZADOS (FA²)

Este tipo de rochas filonianas aséntanse na parte norte de Avión en pequenas manchas descontinuas con dirección sur-norte, perdéndose no municipio veciño de Beariz.

Comprende esta denominación os conxuntos filonianos non moi afastados entre si, que presentan a particularidade de ter certo enriquecemento en Sn e W.

O primeiro, ligado ós granitos alcalinos de dúas micas do O, corresponde sobre todo a pegmatitas, se ben leva asociados algún filoncillo de cuarzo. O segundo grupo filoniano, corresponde ós diques de cuarzo relacionados co granito de Beariz.

3.7.6 Descrición hidroxeolóxica

A vista dos materiais que conforman a rexión, podemos dividir a este área en tres conxuntos en función das súas posibilidades como formadores de acuíferos: Rocas graníticas, serie de lousas e cuarcitas-anfibolitas e cuaternarios s.l.

No primeiro grupo, o acuífero posible límitase á fracturación e alteración das rochas, se ben a súa alteración tería un efecto contrario nas fracturas diaclasas a causa dos minerais arxilosos produto desta, que terminaría por selar ás áreas de fracturación. En todo caso os acuíferos orixinados son de escasa importancia e en consecuencia de explotación moi limitada e localizada.

A baixa permeabilidade do segundo grupo, derivada da natureza dos sedimentos, limita as posibilidades de formación de acuíferos, como no caso anterior, a zonas de fractura e diaclasado. Soamente a presenza de cuarcitas fracturadas daría posibilidades da formación de acuíferos de algunha importancia, aínda que sempre de carácter local. Non obstante, a alternancia de formacións de lousas constitúen, como no primeiro dos casos, un serio inconveniente.

Por último, o nulo desenrolo de cuaternarios dentro dos límites de Avión fan que desta última posibilidade un caso localizado nos límites do municipio de nula importancia.

3.7.7 Hidrografía

O sistema sitúase sobre as masas de auga subterránea “Conca Baixa do Miño” e “Aluvial do Baixo Miño”. Estímase uns recursos renovables medios de 753,80 hm³/ano para o total do sistema de explotación.

Táboa 20 Masas de auga subterránea do Miño-Baixo. Fonte: Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Sequía. Parte española de la DH Miño-Sil. Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

Código M.A.S	NOME	Sup. Sistema Explotación	Sup. da Masa de Auga (km ²)	Superficie da M.A.S. dentro do sistema de explotación	
				km ²	%
011.002	Conca Baixa do Miño	3.589,27	4.474,88	3.403,89	76,07
011.005	Aluvial do Baixo Miño	3.589,27	202,52	202,52	100,00

Dos 318,62 km de lonxitude do río Miño, 148,11 km discorren polo sistema Baixo Miño. Durante este percorrido, atravesas diversas zonas do sistema como as localidades de Ourense, Tui, Salvaterra de Miño,

As Neves, Coles, Toén, Crecente, Castrelo de Miño y Pontedeva. No que respecta ao concello de Avión, a distancia entre o municipio e a masa de auga é de 22 km.

Os afluentes principais ao longo do seu percorrido polo Baixo Miño son, polo leste, o río Tea con 55,31 km, o Barbantiño con 42,16 km, o Avia con 34,51 km e o Louro con 31,41 km. Polo oeste, destacan o río Arnoia con 92,32 km, o Lonia con 40,46 e o río Barbaña con 38,12 km. En todo o sistema hai 945,67 km de lonxitude de masas de auga e 4.813,73 km de canles. Ademais, o sistema comprende a totalidade das cuncas dos seguintes ríos:

Táboa 21. Cuncas hidrográficas no sistema Baixo Miño. Fonte: Plan Especial de Actuación en Situaciones de Alerta y Eventual Sequía. Parte española de la DH Miño-Sil. Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

Río	Cunca Vertente (km ²)
Arnoia	746,37
Avia	671,3
Tea	411,5
Barbantiño	175,28
Barbaña	166,84
Louro	156,61
Lonia	135,51
Deva	130,52
Carballo	76,47
Barxas	16,62
Miño (en el S.E. Miño Bajo)	3.589,27

A continuación móstranse as principais masas de auga superficiais desde sistema de explotación.


Táboa 22. Masas de auga principais no sistema Baixo Miño. Fonte: Plan Especial de Actuación en Situaciones de Alerta y Eventual Sequía. Parte española de la DH Miño-Sil. Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.


Código da Masa de Auga	Nome da Masa de Auga	Categoría	Natureza	Cód. Tipo	Tipoloxía	Superficie da cunca intermedia (km ²)	Superficie da cunca vertente ó final da masa (km ²)	Lonxitude (km)
ES479MAR001930	Río Arenteiro I	RÍO	NATURAL	R-T21	Ríos cántabro-atlánticos silíceos	119,53	119,53	37,56
ES482MAR002080	Río Arnoia II	RÍO	NATURAL	R-T31	Pequenos eixos cántabro-atlánticos silíceos	208,23	550,58	45,35
ES469MAR001820	Río Barbaña	RÍO	NATURAL	R-T21	Ríos cántabro-atlánticos silíceos	167,08	167,08	38,12
ES472MAR001830	Río Barbantiño I	RÍO	NATURAL	R-T21	Ríos cántabro-atlánticos silíceos	148,85	148,85	37,71
ES410MAR001790	Embalse de Velle	RÍO	MUY MODIFICADO	E-T03	Monomítico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos de la rede principal	102,43	12.779,67	42,29


ES494MAR002260	Río Miño VIII	RÍO	MUY MODIFICADO	R-T28-HM	Eixos fluviais principais cántabro-atlánticos silíceos	154,12	16.138,36	40,44
ES480MAR002120	Embalse de Frieira	RÍO	MUY MODIFICADO	E-T03	Monomítico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos de la rede principal	82,50	15.110,72	65,03
ES468MAR001810	Río Lonia	RÍO	MUY MODIFICADO	R-T21-HM	Ríos cántabro-atlánticos silíceos	133,50	133,50	40,47
ES472MAR001850	Embalse de Castrelo	RÍO	MUY MODIFICADO	E-T03	Monomítico, silíceo de zonas húmidas, pertencentes a ríos de la rede principal	166,79	13.446,22	65,43
ES475MAR001890	Embalse de Albarelos	RÍO	MUY MODIFICADO	E-T01	Monomítico, silíceo de zonas húmidas, con temperatura media anual menor de 15°C, pertencentes a ríos de cabeceira e tramos altos	32,29	200,21	39,17

4 DESCRICIÓN E DIAGNÓSTICO DO SISTEMA DE ABASTECEMENTO .

4.1 Esquema gráfico do ciclo integral da auga








4.2 Recursos dispoñibles e áreas de captación

Os recursos dispoñibles no concello de Avión divídense pola súa orixe xa sexa superficial e subterránea, e dentro de cada un dos puntos de captación existen diferentes características como a localización, o volume e o tipo de uso que se lle dá, entre outras. A continuación, na TÁBOA XXX móstrase un inventario das diferentes extraccións que se levan a cabo dentro do municipio segundo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Táboa 23. Extraccións existentes no concello. Fonte: chminosil.es

Captación legalizada	Tipo	Masa de auga	Localización		Volume dispoñible (m³/ano)	Volume extraído (m³/ano)	Uso	Frecuencia de uso (días ao ano)
			X UTM	Y UTM				
A/32/19097	Superficial	ES476MAR001900	559642	4688257	56	56	Doméstico	365
A/32/17671	Subterránea	11.002	557446	4692024	1080	1080	Abastecemento	365
A/32/17671	Subterránea	11.002	557540	4692560	1080	1080	Abastecemento	365
A/32/17671	Subterránea	11.002	557562	4692661	1080	1080	Abastecemento	365
A/32/17725	Subterránea	11.002	558040	4697759	1569,28	1569,28	Doméstico	365
A/32/17725	Subterránea	11.002	558190	4697395	1569,28	1569,28	Doméstico	365
A/32/17754	Subterránea	11.002	555738	4695797	388,68	388,68	Abastecemento	365
A/32/17754	Subterránea	11.002	555749	4695465	388,68	388,68	Abastecemento	365
A/32/17754	Subterránea	11.002	556352	4695246	388,68	388,68	Abastecemento	365
A/32/17754	Subterránea	11.002	556313	4695260	388,68	388,68	Abastecemento	365
A/32/17754	Subterránea	11.002	555672	4696207	388,68	388,68	Abastecemento	365
A/32/17760	Subterránea	11.002	558435	4696938	350	350	Doméstico	365
A/32/17467	Subterránea	11.002	556377	4698689	943	943	Abastecemento	365
A/32/16018	Subterránea	11.002	556953	4692520	366,95	366,95	Abastecemento	365
A/32/16018	Subterránea	11.002	557056	4692644	366,95	366,95	Abastecemento	365
A/32/16018	Subterránea	11.002	557363	4692235	366,95	366,95	Abastecemento	365
A/32/16018	Subterránea	11.002	556941	4692500	366,95	366,95	Abastecemento	365
A/32/16018	Subterránea	11.002	556574	4691731	366,95	366,95	Abastecemento	365
A/32/16018	Subterránea	11.002	556555	4692509	366,95	366,95	Abastecemento	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	556521	4691660	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	556521	4692391	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	556711	4692311	6.140.775	0	Doméstico	365

Captación legalizada	Tipo	Masa de auga	Localización		Volume dispoñible (m ³ /ano)	Volume extraído (m ³ /ano)	Uso	Frecuencia de uso (días ao ano)
			X UTM	Y UTM				
A/32/15419	Subterránea	11.002	556561	4691323	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15418	Subterránea	11.002	557929	4689558	1479,33	1479,33	Abastecemento	365
A/32/15418	Subterránea	11.002	557935	4689427	1479,33	1479,33	Abastecemento	365
A/32/15418	Subterránea	11.002	557861	4690309	1479,33	1479,33	Abastecemento	365
A/32/15418	Subterránea	11.002	557792	4689558	1479,33	1479,33	Abastecemento	365
A/32/15420	Subterránea	11.002	556421	4691262	4971,25	0	Doméstico	365
A/32/15420	Subterránea	11.002	556742	4690882	4971,25	0	Doméstico	365
A/32/15420	Subterránea	11.002	556554	4691017	4971,25	0	Doméstico	365
A/32/15420	Subterránea	11.002	556468	4691176	4971,25	0	Doméstico	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	556979	4692239	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	556947	4692229	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	557125	4691463	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15419	Subterránea	11.002	557071	4691643	6.140.775	0	Doméstico	365
A/32/15421	Subterránea	11.002	558220	4690206	596,55	596,55	Doméstico	365
A/32/15420	Subterránea	11.002	556299	4690491	4971,25	0	Doméstico	365
A/32/15421	Subterránea	11.002	558776	4690713	596,55	596,55	Doméstico	365
A/32/15421	Subterránea	11.002	558204	4690209	596,55	596,55	Doméstico	365
A/32/15173	Subterránea	11.002	555790	4699215	1610	1610	Doméstico	365
A/32/15173	Subterránea	11.002	554836	4699074	1610	1610	Doméstico	365
A/32/15173	Subterránea	11.002	554714	4698850	1610	1610	Doméstico	365
A/32/15173	Subterránea	11.002	554722	4698837	1610	1610	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	558282	4686938	788,4	788,4	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	558307	4686930	756,86	756,86	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	558410	4686808	788,4	788,4	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	558232	4687120	723,33	723,33	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	558164	4687177	756,86	756,86	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	557577	4687935	865,03	865,03	Doméstico	365
A/32/13116	Subterránea	11.002	558273	4687079	914,54	914,54	Doméstico	365
A/32/02025	Superficial	ES474MAR001870	562566	4694625	13500	13500	Rego	120
A/32/18545	Subterránea	11.002	558393	4697689	426	426	Rego	120
-	Superficial	ES475MAR001880	560468	4693076	-	-	Gandeiro	-
-	Subterránea	11.002	557510	4696064	3000	3000	Execución de sondaxes	365



Imaxe 14. Distribución das extraccións superficiais e subterráneas no concello de Avión. Fonte: chminosil.es

As captacións que alimentan os sistemas de abastecemento de auga no concello de Avión carecen de sistemas de medición dos caudais captados e tampouco existe ningún estudo ou rexistro sobre o recurso para cada caso.

Na actualidade a relación entre os depósitos e as captacións que os alimentan son do seguinte xeito:


- Depósitos con 1 captación: 66%
- Depósitos con 2 captacións: 17%
- Depósitos con 3 captacións: 15%

Na táboa seguinte recóllese un listado dos depósitos das redes de abastecemento do concello de Avión coa relación de cantidade de captacións cos que conta cada un deles.

Táboa 24 Número de captacións por depósito

Núcleo	Tipo	Código	Parroquia	Nº Capt
ABELENDAS	Depósito	029	ABELENDAS (SANTA MARIÑA)	1
ABELENDAS	Depósito	030	ABELENDAS (SANTA MARIÑA)	-
ABELENDAS	Depósito	031	ABELENDAS (SANTA MARIÑA)	1
ABELENDAS	Depósito	040	ABELENDAS (SANTA MARIÑA)	1

ABELENDA	Depósito	740	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	1
BOEIXOS	Depósito	001	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	2
CARIXA_A	Depósito	041	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	1
MOURISCADOS	Depósito	002	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	3
MOURISCADOS	Depósito	702	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	3
RODEIRO	Depósito	003	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	1
CASAR_DO_NABO	Depósito	004	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	2
MANGÜEIRO	Depósito	005	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	3
POR_DE_LAPA	Depósito	006	ABELENDA (SANTA MARIÑA)	1
AMIUDAL	Depósito	007	AMIUDAL (SANTIAGO)	3
AMIUDAL	Depósito	013	AMIUDAL (SANTIAGO)	2
AMIUDAL	Depósito	713	AMIUDAL (SANTIAGO)	2
ESPIÑEIRO	Depósito	008	AMIUDAL (SANTIAGO)	3
PASCAIS	Depósito	009	AMIUDAL (SANTIAGO)	1
CERNADAS	Depósito	010	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
CERNADAS	Depósito	011	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
AVIÓN	Depósito	010	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
AVIÓN	Depósito	011	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
SAN VICENZO	Depósito	014	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
BERESMO	Depósito	010	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
BERESMO	Depósito	011	AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	1
ACEVEDO	Depósito	012	BAÍSTE (SANTA MARÍA)	1
BAÍSTE	Depósito	015	BAÍSTE (SANTA MARÍA)	2
LIÑARES	Depósito	016	BAÍSTE (SANTA MARÍA)	1
RUBILLÓN	Depósito	017	BAÍSTE (SANTA MARÍA)	1
BARROSO	Depósito	018	BARROSO (SANTA BAIA)	2
VILAR	Depósito	019	BARROSO (SANTA BAIA)	2
CÓRCORES	Depósito	020	CÓRCORES (SANTA MARIÑA)	1
CÓRCORES	Depósito	021	CÓRCORES (SANTA MARIÑA)	1
CORTEGAZAS	Depósito	022	CORTEGAZAS (SANTO ANTONIO)	1
COUSO	Depósito	023	COUSO (SANTA MARÍA)	1
HEDREIRA_A	Depósito	032	COUSO (SANTA MARÍA)	3
PENEDO	Depósito	035	COUSO (SANTA MARÍA)	1
TABOAZAS	Depósito	033	COUSO (SANTA MARÍA)	1
VILARIÑO	Depósito	025	COUSO (SANTA MARÍA)	1
BELECÓN	Depósito	034	NIEVA (SANTA MARÍA)	3
CAMPOSANCOS	Depósito	026	NIEVA (SANTA MARÍA)	1
CASEIRO	Depósito	028	NIEVA (SANTA MARÍA)	1
CASEIRO	Depósito	728	NIEVA (SANTA MARÍA)	1
OROSO	Depósito	027	NIEVA (SANTA MARÍA)	2
CERDEIROA	Depósito	036	NIEVA (SANTA MARÍA)	1
LAGOA	Depósito	038	NIEVA (SANTA MARÍA)	1
MOTA_A	Depósito	042	NIEVA (SANTA MARÍA)	0
PORREIRA	Depósito	039	NIEVA (SANTA MARÍA)	1



Imaxe 15. Distribución das infraestruturas de almacenamento de auga no concello. Fonte: EIEL e campo

Hai que indicar que as áreas de poboación servidas dende os diferentes depósitos non están conectadas entre si, polo que existindo varios depósitos nunha poboación, cada un deles funciona como un sistema independente. Por este motivo serán considerados subsistemas independentes posto que a falta de recurso nun deles causará problemas de abastecemento a unha parte da poboación aínda que outra parte poida non ter problemas porque as captacións coas que contan ofrecen maior capacidade nun determinado problema. Nesta situación o sector afectado non poderá ser servido polos demais depósitos de maneira directa ao non existir unha rede única que os una.

Os datos dispoñibles non permiten facer unha valoración do recurso dispoñible ao non contar con datos sobre a capacidade de cada unha das captacións ou a variabilidade que estas fontes de abastecemento teñen ante situacións de seca.

Con esta información pódese estimar que a maior garantía de subministro é maior naqueles casos nos que un depósito conta con maior número de captacións. A diversidade nos puntos de abastecemento

fai que, *a priori*, sexa mais probable que se manteña o abastecemento aínda que algunha deles se vexa afectado pola seca.¹

4.3 Demandas e usos da auga

4.3.1 Datos da CHMS

O concello de Avión pertence ao sistema de explotación do Baixo Miño que, segundo a CHMS, a síntese das demandas de auga agrúpase polos diferentes tipos de abastecemento que se poden dar son o urbano (UDU), agrario e regadíos (UDA) e industrial (UDI). Tamén entran dentro da demanda de auga para a produción de enerxía eléctrica ou outros usos recreativos (piscinas ou regadíos de campos de golf). No Baixo Miño (B.M.), a demanda principal é a que se mostra na TABOA XXXX.

Táboa 25. Demanda de auga mensual e anual do sistema Baixo Miño (hm³). Fonte: chminosil.es

Demanda	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	TOTAL
Urbana	3,33	3,32	3,32	3,32	3,32	3,33	3,33	3,33	4,3	4,3	4,3	4,3	43,79
Regadío	0,47	-	-	-	-	0,11	0,66	1,61	2,37	2,79	2,78	1,89	12,67
Gandería	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4	4,83
Industrial	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	0,28	3,36
Térmica	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,05	0,55
Recreativa	0,01	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,001	0,01
TOTAL B.M.	4,48	4,01	4,01	4,01	4,01	4,12	4,67	5,63	7,44	7,87	7,86	6,96	65,08
TOTAL DHMS	22,07	11,24	11,23	11,23	11,23	13,65	26,33	48,44	68,17	77,88	77,55	57	436,02

En canto á demanda urbana, é un sistema que conta cun consumo destacado abarcando o 10% do total da DHMS mentres que o sector agrario é a principal demanda de auga. En concreto o regadío, cuxo sistema principal de rego é por gravidade, sitúase por enriba do sector industrial.

Demanda urbana

O concello de Avión ten 1.795 habitantes nunha superficie de 120,5 km², o que supón unha densidade de poboación de 15,4 hab/km². É un dos municipios do sistema que se estableceu como Unidade de Demanda Urbana (UDU), en torno o cal estrutúrase toda a rede de abastecemento e saneamento do concello xunto coas Unidade de Demanda Agraria (UDA) e industrial (UDI). A orixe da toma da auga é a masa subterránea da Conca do baixo Miño, principalmente mananciais. Na seguinte TABOA móstrase a demanda anual e o código UDU do concello de Avión.

Táboa 26. Volume anual (hm³) e distribución temporal da auga captada. Fonte: chminosil.es

Nome UDU	Código UDU	Uso doméstico	Gandería	Industria	Rego privado	Municipal	Comercial	Demanda anual
Avión	UDU 2105	0,218	0,043	0,01	0,018	0,015	0,009	0,313

Demanda agraria

Segundo o Censo Agrario (2009), a maioría das 12.113 ha da superficie do concello é superficie forestal, mentres que solo o 3% destínase a cultivos e prados. Das 481 ha da superficie agraria utilizada, 21 están distribuídas entre froiteiras, viñedos e cultivos herbáceos. O tamaño destas explotacións é maioritariamente menor ás 5 ha, polo que existe un gran número de parcelas particulares con xestión individual da súa explotación e regadío. Por parte da gandería, as explotacións avícolas son as de maior

¹ Esta relación é meramente estimativa a nivel xeral. No caso particular a garantía de subministro depende mais da capacidade da captación que do número de captacións. Non obstante sobre isto non se ten información como se indica con anterioridade.

importancia. A demanda agraria que atende ás necesidades das poucas hectáreas dedicadas a este sector é menor aos 0,1 hm³ por ano.

Demanda industrial

O municipio de Avión ten unha demanda inferior a 0,01 hm³/ano, algo esperable debido a que o sector da industria tan solo representa un 5% da actividade socioeconómica do concello. Polo que se pode deducir que non é unha demanda importante dentro do abastecemento de auga a toda a superficie do concello.

4.3.2 Datos de consumo de auga no concello de Avión

O concello de Avión comezou a realizar medicións regulares dos contadores dos abonados no ano 2019 para realizar as primeiras facturacións polo servizo de abastecemento.

A situación vén precedida dunha situación na que, nalgúns casos, os abonados empregaban o recurso de modo pouco coidadoso e baixo patróns de consumo elevados. Coa tarificación do servizo de augas será previsible que nos proximos meses o consumo sufra unha evolución cara unha situación de menor demanda.

Por este motivo non poden ser considerados válidos os valores de consumos rexistrados como fiables para realizar unha análise da situación actual e futura.

4.4 Dotacións de auga

No concello de Avión non se dispón de información sobre a demanda de auga dos usuarios. Tan só nos núcleos de Avión, Cernadas, Beresmo e San Vicente se acaban de colocar contadores (2019) que servirán para a tarificación do servizo aos usuarios. Nos núcleos restantes do concello os usuarios dos sistemas de abastecemento son de xestión veciñal e non dispoñen de contadores que rexistren os seus consumos de auga. Nestes casos tampouco se conta con contador de auga captada nin auga servida.

Nesta situación, a análise da demanda debe realizarse mediante estimacións (dotación).

Os usos da auga son, en todos os casos, os puramente asociados á actividade doméstica rural:

- Uso residencial.
- Uso para rego de hortas e xardíns.
- Limpeza e baldeos exteriores.
- Outros usos (piscinas, pequenas cantidades de animais, etc.)

O análise desta situación e usos indica que a estimación da dotación de consumo deba ser maior das estimacións recollidas habitualmente na bibliografía.

4.4.1 Dotación segundo ITOHG

As instrucións técnicas de obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG) recollen valores de dotación segundo o tamaño da poboación e o nivel de actividade industrial.

Táboa 27 Dotacións máximas segundo ITOHG

Poboación abastecida polo sistema (municipio, área metropolitana, etc.)	Dotacións máximas (L/hab-día)		
	Actividade industrial comercial		
	Alta	Media	Baixa
< 2.000	210	195	180
De 2.000 a 10.000	270	240	210
De 10.000 a 50.000	300	270	240
De 50.000 a 250.000	350	310	280
> 250.000	410	370	330

Fonte: Instrucións Técnicas de Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG-ABA-1/1)

Como pode observarse a dotación a considerar para o caso do concello de Avión sería de 180 l/h*d

4.4.2 Dotación segundo Plan Hidrolóxico CHMS

O plan hidrolóxico de confederación, en base a datos recollidos no Instituto Nacional de Estatística (INE) cuantifica as os consumos de auga nas diferentes unidades territoriais nas que se divide:

Táboa 28 Dotacións por sistemas de explotación

SISTEMA EXPLO-TACIÓN	Datos UDUs solo INE (2013)					
	Población permanente	Población equivalente (sin turismo)	Vol Capta-do hm ³ /año	Vol en Baja (hm ³ /año)	Dotación población permanente	Dotación Población equivalente (sin turismo)
Miño Alto	208.985	226.580	21,39	15,58	280,37	258,60
Sil Superior	144.604	152.619	17,94	12,87	339,83	321,98
Sil Inferior	45.765	55.423	5,24	3,82	313,75	259,07
Cabe	29.825	32.925	3,11	2,26	285,47	258,60
Miño Bajo	367.372	402.435	37,98	27,67	283,28	258,60
Limia	29.300	34.362	3,24	2,36	303,27	258,60
TOTAL	825.851	904.344	88,90	64,55	294,92	269,32

Fonte: Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil (2015-2021)

Considerando que o concello de Avión pertence á unidade territorial do Miño Baixo, observase que a dotación oscila entre os 260 e 280 l/h*día.

4.4.3 Conclusión

Na situación de amplo rango que se mostra entre ambos documento de referencia empregados, considérase axeitado optar por considerar un valor de dotación mais próximo á parte alta do arco para situarse nunha posición conservador en relación coa demanda do recurso.

Tomarase como valor de referencia aplicable no caso de Avión unha **dotación de 250 l/h*d**.

4.5 Tarifas e custos da auga

Neste apartado realízase un breve repaso sobre as tarifas de auga que aplica o concello de Avión aos usuarios do sistema de xestión municipal.

Non se realiza detalle destes aspectos nos sistemas de xestión veciñal xa que o Concello non dispón de información ao respecto se ben se coñece que estes sistemas son totalmente xestionados polas respectivas comunidades de usuarios e non se realiza, ata onde se coñece, tarificación por consumo.

4.5.1 Tarifas

Recóllense os datos mais salientable da ordenanza municipal que regula a prestación dos servizos de abastecemento, sumidoiro e depuración.

[*Ordenanza Da Taxa Pola Prestación Dos Servizos De Abastecemento De Auga, Sumidoiro E Depuración*]

4.5.2 Cota tributaria

As contías da taxa regulada na ordenanza municipal fíxanse nas tarifas seguintes:

<u>Abastecemento</u>	<u>2013</u>
Cota Servizo mensual	1,80 €.
Conservación mensual	1,50 €.
1º. Bloque (ata 10 m3/mes)	0,35 €/m3
2º. Bloque (de 10 a 20 m3/mes)	0,55 €/m3
3º. Bloque (de 20 a 40 m3/mes)	0,75 €/m3
4º. Bloque (máis de 40 m3/mes)	1,00 €/m3

<u>Sumidoiro e Depuración</u>	<u>2013</u>
Cota Servizo mensual	2,00 €.
Consumo	0,30 €.
Aboados sen subministro (cota fixa)	4,70 €.

As tarifas desta ordenanza incrementaranse automaticamente con efectos dende o primeiro de xaneiro de cada ano no IPC interanual referido de setembro a setembro do exercicio anterior. No caso de que a cantidade resultante coincidira en número decimal, se este fora superior a 5 décimas se redondeará na unidade enteira superior e no caso de que o número decimal fora inferior a cinco décimas se redondeará no número enteiro inferior.

4.5.3 Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de abastecemento de auga e outros abastecementos públicos, sumidoiros e depuración.
2. Non están suxeitas á taxa as vivendas, locais e establecementos nas que conorra calquera das seguintes circunstancias de feito:
 - a. Atoparse en estado de ruína oficialmente declarado polo Concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón producírase de oficio pola Administración tributaria, unha vez comunicada polo Concello a correspondente declaración de ruína.
 - b. Trátase de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación. Para estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmobles que carezan do servizo de subministración de enerxía eléctrica. Entenderase que o inmovible carece deste servizo cando estea dado de baixa como usuario no mesmo con carácter definitivo pola entidade subministradora. No caso de que non se acredite este extremo, o inmovible considerarase utilizable ou ocupable, e devindicará a taxa correspondente.

4.5.4 Base imponible

A base desta taxa estará constituída por:

- **Abastecemento:**
 - Cota Servizo: pola mera disposición do servizo.
 - No subministro de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible no que estea instalado o servizo.
 - Conservación de contadores: pola substitución ou reparación recollidos no Regulamento do Servizo.
- **Sumidoiro e Depuración:**
 - Cota Servizo de Sumidoiro e de Depuración: pola mera disposición do servizo.

Nos servizos de sumidoiro e depuración estes rexerán polos metros cúbicos de auga consumida no inmovible no que estea instalado o servizo de abastecemento. No suposto de que o inmovible non dispoña de servizo de abastecemento de auga municipal a base imponible será determinada por unha cota fixa.

4.5.5 Custos

O concello de Avión está a implantar, aínda en fase de probas, o sistema de tarificación do servizo de abastecemento aos seus veciños naqueles núcleos nos que o sistema está xestionado polo concello.

O propio sistema de tarificación, lectura de contadores, etc. ten un custo que aínda non está completamente asentado e concretado, polo que deberá ser avaliado con detalla nos vindeiros meses.

4.6 Infraestruturas do sistema de abastecemento

O sistema de abastecemento de auga no concello de Avión está composto por unidades independentes de abastecemento por núcleos. Isto significa que, salvo excepcións que serán comentadas, cada núcleo de poboación conta con captacións e depósitos de regulación propios e independentes.

A única excepción a isto son os núcleos de **Avión, Beresmo e Cernadas** que empregan conxuntamente dous depósitos, formando un único sistema de abastecemento compartido.

4.6.1 Captación e bombeo

As captacións son maioritariamente mananciais superficiais, afloramentos naturais de auga. Eses mananciais dispoñen xeralmente dunha certa preparación e protección que permite protexer a fonte do acceso de animais e tamén as protexe de escorregas superficiais.

- ⊙ **Alerta** (escaseza grave): recoñécese unha intensificación na redución dos recursos dispoñibles, o que evidencia un claro risco de incapacidade para satisfacer as demandas. Ademais do anteriormente mencionado, poderanse aplicar medidas para conservar e mobilizar o recurso, considerando reducións de subministracións, potenciación conxuntural dos sistemas de intercambio de dereitos e maior vixilancia en zonas con alto valor ambiental. É dicir, a organización da conca pode abordar con obxectividade as medidas previstas no artigo 55 do TRLA.
- ⊙ **Emerxencia** (escaseza grave): situación co maior grao de enfermidade debido á diminución dos recursos dispoñibles. Ademais das medidas pertinentes entre as mencionadas, poderán adoptarse as medidas excepcionais e extraordinarias que sexan aplicables.

10.1.2 Declaración de situación excepcional por seca extraordinaria

A declaración desta situación poderá ser realizada polo Presente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil cando en unha ou varias unidades territoriais se dean:

- Escenarios de alerta que coinciden temporalmente co de seca prolongada durante polo menos dous meses.
- Os escenarios de emerxencia que coinciden temporalmente cos de seca prolongada durante polo menos dous meses, ou que, sen coincidir, amosan un claro afecto tras pasar por ela.

Para o caso concreto do concello de Avión o Presidente-Alcalde terá capacidade para a declaración no termo municipal de Avión de situación excepcional no caso de que lle conste que concorren as devanditas circunstancias no concello ou existan situacións de desabastecemento grave de nalgúns dos núcleos do concello.

O concello de Avión poderá establecer un sistema de control de indicadores propio e xustificar razoadamente a aplicación de niveis mais restritivos de avaliación dos niveis de gravidade da situación de seca.

10.2 Sistema de Indicadores

Os indicadores son aqueles parámetros que son controlados para a recollida de información que permita avaliar o nivel de seca. O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil establece unha serie de indicadores que serán empregados polo organismo de cunca para a determinación dos diferentes escenarios de seca.

A finalidade dos indicadores é a de facilitar a identificación obxectiva de situacións persistentes e intensas de diminución das precipitacións, co reflexo nas aportacións hídricas en réxime natural no caso da seca prolongada, e identificar situacións de dificultade de atender as demandas por causa da escaseza conxuntural, sendo en ambos casos o suficientemente explicativos da realidade e das peculiaridades da conca.

Os indicadores poden ser de diversas tipoloxías: rexistros pluviométricos, aportacións hídricas medidas en estacións de aforo, volumes encorados, reservas de neve, niveis piezométricos rexistrados en masas de auga subterránea ou outros, que sexa representativo do ámbito xeográfico de análise.

Un aspecto fundamental na selección de indicadores é a súa vocación de converterse en instrumentos de axuda á toma de decisións. Desta maneira, ademais de identificar os escenarios que caracterizan as situacións de seca ou escaseza, sirve como criterio gatillo de accións e medidas de xestión que permitan retardar a chegada de situacións máis extremas e minimizar os impactos socioeconómicos e ambientais ocasionados pola seca prolongada e a escaseza conxuntural.

O concello de Avión carece de recursos e medios precisos para a determinación mais precisa dos indicadores de seca no seu territorio polo que asumirá como propios os estados de alerta que a CHMS determine en cada momento para o territorio da Unidade Territorial á que pertence (UTE 02).

O concello de Avión tomará como indicadores do sistema de abastecemento local aquelas condicións relacionadas. Terán carácter de control diferente os abastecementos de titularidade ou xestión municipal de aqueles cuxa titularidade e xestión sexan veciñais.

Para o caso de sistemas de abastecemento que sexan de titularidade municipal ou que a xestión dos mesmos sexa realizada polo concello, o **nivel de control será completo**, mentres que para os casos nos que os sistemas de abastecemento sexan de titularidade e xestión veciñal a intervención municipal será por regra xeral de carácter **básico** e estará suxeita aos acordos que os órganos de xestión veciñal poida acordar coa entidade municipal.

NIVEL DE CONTROL COMPLETO: O concello realizará un control de indicadores completo (todos os sinalados nos apartados seguintes), para os sistemas de titularidade municipal.

NIVEL DE CONTROL BÁSICO: Para os casos de traídas veciñais que non sexan de titularidade municipal nin tampouco teña asumida a súa xestión, o concello de Avión realizará o seguimento de indicadores en base ás competencias que os órganos de xestión veciñal das augas lle transfiran en base aos acordos bilaterais que poidan establecerse. Noutro caso o seguimento de indicadores será responsabilidade dos axentes designados polo órgano de xestión da comunidade de usuarios.

10.2.1 Captacións:

1. Revisión do estado de conservación e funcionamento:

O concello realizará unha valoración do estado de conservación das captacións de auga con unha **frecuencia trimestral**.

A frecuencia aumentando a frecuencia a carácter mensual durante os prazos nos que estea declarado o estado de Alerta e Emerxencia.

10.2.2 Depósitos:

1. Revisión do estado de conservación e funcionamento:

O persoal designado polo concello visita regularmente as instalacións de depuración e bombeo de auga para comprobar o seu funcionamento.

Establecese como frecuencia de visita para os diferentes escenarios a seguinte:

- ⊙ Normalidade: Revisión trimestral do correcto funcionamento do bombeo.
- ⊙ Prealerta: Revisión mensual do correcto funcionamento do bombeo.
- ⊙ Alerta: Revisión quincenal do correcto funcionamento do bombeo.
- ⊙ Emerxencia: Revisión semanal do correcto funcionamento do bombeo.

O concello realizará unha valoración do estado de conservación dos depósitos de auga con unha **frecuencia trimestral**, realizando as tarefas de mantemento necesarias se fose preciso.

Para o caso de que non existan sistemas de medición de caudal e control de nivel nos depósitos as necesidades de realizar visitas ás instalacións por estes motivos serán maiores (ver apartados seguintes) senembargo, no caso de que estoutros indicadores poidan ser controlados telemáticamente manterase unha frecuencia mínima de revisión dos depósitos como o indicado neste apartado.

2. Control de caudal de saída

Na actualidade a maioría dos depósitos de auga non dispoñen de caudalímetros de entrada e/ou saída dos mesmos. Non é posible por tanto facer un seguimento individualizado das demandas de cada un dos depósitos ni avaliar, por exemplo as perdas que se producen entre o depósito e os puntos de abastecemento. Este indicador será clave para o coñecemento dos patróns de consumo de auga de cada sector abastecido (caudais demandados, estacionalidade, variacións semanais, franxas horarias de demanda, etc.)

Mentres os depósitos non sexan equipados con caudalímetros de algún tipo, non poderá ser realizado un seguimento sobre o caudal de auga servido. Para cando estes sistemas poidan ser instalados o concello poderá realizar un control en continuo. Mentres tanto o indicador complementario que poderá ser controlado manualmente é o nivel nos depósitos.

3. Control de nivel nos depósitos

O concello establecerá mecanismos de control de nivel en continuo nos depósitos de auga de abastecemento coa finalidade de coñecer con detalle a marxe de manobra dos sistemas de abastecemento e a súa capacidade de recuperación.

O axeitado sería dispor dun sistema automático de control mediante sensor de nivel con medición en continuo. As instalacións actuais non contan con sistemas que permitan este grao de control. Namentres o seguimento en continuo non sexa posible establececese o seguinte plan de seguimento:

- ⊙ Normalidade: Revisión trimestral do estado de depósitos e nivel de auga neles.
- ⊙ Prealerta: Revisión semanal do nivel nos depósitos en horas punta.
- ⊙ Alerta: Revisión /2 días do nivel de auga nos depósitos en horas punta.
- ⊙ Emerxencia: Revisión diaria do nivel de auga nos depósitos en horas punta.

10.2.3 Rede:

1. Documentación

O concello elaborará un repositorio onde quede recollida toda a información dispoñible sobre a rede de abastecemento de maneira que permita realizar unha análise das características xeográficas, técnicas, construtivas, etc. de cada sistema de abastecemento.

2. Inventario de puntos de subministro

Estarán inventariados todos os puntos de subministro identificando cando menos as seguintes variables:

- Tipo de consumo:
 - Doméstico
 - Comercial
 - Industrial
 - Boca de rego

- Outros
- Se dispón de contador (Si/Non)
- Cantidade consumida (mediante lecturas dos contadores)

3. Balance de Auga

Coas lecturas de consumo dos usuarios da rede e con información sobre a auga abastecida (actualmente dato non dispoñible) será realizado un balance de augas que permita avaliar o estado da rede en canto perdas de auga. A evolución deste indicador mostra resultados sobre as perdas de auga na rede de abastecemento para os diferentes núcleos de poboación ou sectores.

Este indicador será controlado na medida en que a instalación de caudalímetros se vaia avanzando.

10.3 Accións e medidas para aplicar en secas

10.3.1 Medidas ante situación de seca prolongada

Tal e como se recolle no PESS da CHMS, este organismo poderá acometer no escenario de "seca prolongada", debido exclusivamente a causas naturais, dous tipos esenciais de actuacións:

- 1) A aplicación dun réxime de caudais ecolóxicos mínimos menos esixentes, de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento de Planificación Hidrolóxica e artigo 49 quater.5 do Regulamento de Dominio Hidráulico Público, se así o prevé o correspondente plan hidrolóxico, e
- 2) A admisión xustificada despois do deterioro temporal que puidera haber no estado dunha masa de auga, de acordo co establecido no artigo 38 do Regulamento de planificación hidrolóxica, que traspón o artigo 4.6 do DMA á lei española.

Os criterios xerais sobre o mantemento dos réximes de caudais ecolóxicos e sobre o seu control e seguimento son os establecidos nos artigos 49 *quater* e 49 *quinquies* do Regulamento do Dominio Hidráulico Público.

Sen prexuízo das citadas accións, no caso de que a situación excepcional fose declarada por seca extraordinaria, a xunta de goberno da organización da conca avaliará a necesidade e a oportunidade de solicitar ao goberno, a través do Ministerio, o exercicio de competencias sobre o auga, a adopción das medidas necesarias en relación co uso do dominio público hidráulico, de acordo co establecido no artigo 58 do TRLA.

As captacións do concello de Avión non son realizadas sobre cauces públicos suxeitos ao rexan criterios de caudal mínimo ecolóxico, non obstante o emprego de mananciais para o abastecemento podería tamén ter efectos nestes caudais ecolóxicos. En calquera caso este tipo de medidas no PESS da CHMS veñen a establecer que baixo determinadas circunstancias prevalecera o interese de abastecemento da poboación sobre o réxime de caudais ecolóxicos preestablecido, sempre baixo o seu criterio.

A situación de seca prolongada enténdese como unha situación natural, persistente e intensa, cunha diminución das precipitacións provocadas por circunstancias pouco frecuentes e reflectida no abastecemento de auga. Isto é, o resultado dunha seca caracterizada non tanto polo seu efecto crítico instantáneo senón como unha situación persistente a medio e longo prazo.

No suposto mais práctico que pode acometer o concello no marco das súas competencias, un período de seca prolongada sobre a situación dalgunha das súas poboacións será abordado con un

estudo detallado das alternativas posibles para a posta en servizo de medidas complementarias de mellora da garantía de subministro como poden ser, entre outras:

- Regulación específica do uso do recurso, establecendo limitacións ou restricións para determinados usos non prioritarios en franxas temporais.
- Definición de estratexias de redución da demanda.
- Aplicación de medidas e de mellora do rendemento do sistema de abastecemento.
- Estudo de medidas de reutilización de augas naqueles casos que puidera darse.
- Realización de tarefas complementarias de mantemento e conservación das captacións.
- Creación de novos puntos de captación.
- Creación de sistemas de transvase temporal ou permanente entre diferentes depósitos da rede.
- Etc.

En liñas xerais o paquete de medidas que o concello tomará para a solución dos efectos de seca prolongada irán encamiñados á contención dos efectos inmediatos mais tamén a unha solución a medio e longo prazo da situación. O concello poderá contar con todos os mecanismos e medios propios cos que conte para acometer medidas que garantan o subministro nun período de seca prolongada.

10.3.2 Medidas ante situación escaseza conxuntural

O obxectivo destas medidas é paliar o impacto da escaseza temporal do recurso aplicando medidas directas que garantan o abastecemento con carácter inmediato. Trátase de deseñar e aplicar solucións con efecto directo a curto prazo encamiñadas a garantir unha eventual falta de recurso.

Neste senso a CHMS no seu PESS establece unha clasificación dos niveles de escaseza en función da gravidade da situación:

- ⊙ Normalidade
- ⊙ Prealerta
- ⊙ Alerta
- ⊙ Emerxencia

, e diseña un plan de actuación con medidas específicas para cada un destes escenarios.

Na Táboa 33 recóllese esquematicamente a tipoloxía de medidas a establecer dependendo dos escenarios que se establezan en función dos indicadores de escaseza de cada unidade territorial.

Táboa 33. Tipoloxía de medidas de escaseza en función do escenario diagnosticado. Fonte: chminosil.es

Situacións de estado	Ausencia de escaseza	Escaseza moderada	Escaseza severa	Escaseza grave
Escenarios de escaseza	Normalidade	Prealerta	Alerta	Emerxencia
Tipoloxía de accións e medidas que activan	Planificación xeral e seguimento	Concienciación, aforro e seguimento	Medidas de xestión (demanda e oferta), e de control e seguimento (art. 55 do TRLA)	Intensificación das medidas consideradas en alerta e posible adopción de medidas excepcionais (art. 58 do TRLA)

Segundo esta tipoloxía os tipos de medidas contempladas caracterízanse polo seguinte:

- Son medidas de xestión, non de desenvolvemento de infraestruturas ou obras, en particular os que requiran avaliación de impacto ambiental.
- Salvo as medidas de previsión (estratéxicas), o resto son tácticas de aplicación temporal en situacións de escaseza ou en situacións onde finalizou a escaseza e favorecen a recuperación do sistema de explotación.
- As medidas de mitigación teñen aplicación progresiva, segundo límites de aplicación que facilitan a profundidade das medidas segundo a gravidade da escaseza.

Unha vez alcanzados os correspondentes escenarios, as medidas pódense agrupar en función do conxunto problema-solución sobre o que actúa.

- a) Sobre demanda
- b) Sobre oferta
- c) Sobre organización administrativa
- d) Sobre medio ambiente hídrico

Atendendo á tipoloxía, poden clasificarse as medidas como se foran de previsión, operativas, organizativas, seguimento e recuperación. Agrupando os conxuntos da seguinte maneira:

A. Medidas de previsión

Pertencentes ao ámbito xeral da planificación hidrolóxica e inclúen:

A1. Medidas de previsión da escaseza; definindo, seguindo e difundindo os diagnósticos establecidos na evolución do sistema de indicadores

A2. Medidas de análise dos recursos da conca para a súa optimización, reasignación, integración dos recursos non convencionais ou de previsión da mobilización conxuntural de recursos subterráneos que faciliten o reforzo das garantías de subministro. Así como medidas de organización de posibles intercambios de recurso para o seu mellor aproveitamento en situacións circunstanciais, tomando en consideración os costes do recurso e os beneficios socioeconómicos dunha determinada reasignación conxuntural.

A3. Medidas de definición e establecemento de reservas estratéxicas para a súa utilización en situacións de escaseza.

B. Medidas operativas

Adecúan a oferta e a demanda, segundo escenarios. Estas medidas inclúen:

B1. Medidas relativas á atenuación da demanda de auga (sensibilizar á poboación, restricións por usos, restricións por franxas horarias, etc.)

B2. Medidas relativas ao aumento da oferta da auga (mobilización de reservas, transferencias, reabastecemento, etc.) e á reorganización temporal dos réximes de explotación de encoros e acuíferos.

B3. Xestión combinada oferta/demanda (preferencia para o subministro segundo o uso)



B4. Actuacións eventuais para a protección ambiental, orientadas a salvagardar o impacto da escaseza sobre os ecosistemas acuáticos.

C. Medidas organizativas

C1. Establecer unha estrutura administrativa, definindo responsables e a organización necesaria para a execución e seguimento do plan especial.

C2. Coordinación entre administracións e entidades públicas ou privadas vinculadas ao problema

D. Medidas de seguimento da execución do plan e dos seus efectos e información pública.

E. Medidas de recuperación , para aplicación na postseca, dirixidas a paliar os efectos negativos producidos polo episodio diagnosticado, tanto os impactos ambientais como as reservas estratéxicas afectadas.

O obxectivo nesta situación será a implantación das medidas máis adecuadas en cada unha das fases declaradas de escaseza conxuntural de xeito que permita retrasar ou evitar a chegada de fases máis graves e, en todo caso, mitigar as súas consecuencias asociadas. Por iso, é importante identificar o problema con prontitude e actuar desde as fases iniciais de detectar a escaseza.

10.3.2.1 Escenario de ausencia de escaseza (NORMALIDADE)

A fase de ausencia de escaseza, ou de normalidade como o seu nome indica, corresponde a unha avaliación da situación actual que indica a ausencia de problemas para atender as demandas. Nesta situación, non convén aplicar medidas tácticas especificamente relacionadas coa xestión a curto prazo da situación de escaseza.

Nesta situación debe realizarse o seguimento de indicadores de maneira continuada e tamén acometer aquelas cuestións relacionadas coa planificación.

Este é o contexto axeitado para abordar as medidas de control e planificación das melloras no sistema de abastecemento local que puideran ser necesarias.

Táboa 34. Medidas específicas para o concello a efectos de escaseza nun escenario de normalidade. Fonte: chminosil.es

	<u>Tipoloxía</u>	<u>Medida a adoptar</u>	<u>Momento de activación</u>
NORMALIDADE	A2	Seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS.	Calquera mes
	A2	Seguimento dos caudais circulantes, aportacións e estado de encoros a través dos sistemas de información existentes.	Calquera mes
	A2	Seguimento da evolución das demandas	Calquera mes
	A2	Elaboración, revisión e actualización dos Plans de Emerxencia ante situación de seca por parte das administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan a unha poboación =>20.000 habitantes.	Calquera mes
	A2	Estudos para a explotación e xestión conxunta de augas superficiais e subterráneas, en situacións de seca prolongada e/ou escaseza conxuntural, así como de posta en marcha de transferencias de recursos internas ou externas.	Calquera mes
	A2	Instar ás industrias para a realización de estudos nos que se analice a posibilidade no aproveitamento e o reciclaxe das súas propias augas de vertido	Calquera mes
	A2	Recompilación de datos piezométricos doutras administracións públicas	Calquera mes
	A2	Estudos de reutilización das augas residuais nos abastecementos urbanos	Calquera mes
	A2	Elaboración dun Plan de aseguramento de abastecemento urbano a poboacións. Estudos para o establecemento de puntos de captación alternativos para situacións de seca extraordinaria.	Calquera mes
	A2	Elaboración do inventario, actualización e programa de mantemento das infraestruturas específicas para afrontar a escaseza conxuntural.	Calquera mes
	A2	Seguimento dos niveis piezométricos	Calquera mes
	A2	Estudos de posible utilización para abastecemento dos encoros existentes na Demarcación para outros usos en caso de seca extraordinaria	Calquera mes
	A2	Elaboración dun Programa específico para a loita contra captacións ilegais	Calquera mes
	A2	Aprobación de tarifas estacionais en caso de seca extraordinaria	Calquera mes
	A2	Estudos de incentivos por consumos responsables	Calquera mes
	A2	Elaboración do Plan de reforzo da vixilancia de captacións e vertidos en situacións de seca prolongada e/ou escaseza conxuntural	Calquera mes
	A2	Instar ás administracións públicas con competencias en materia de augas, comunidades de usuarios, regantes e particulares, á elaboración de plans de actuación e de redución das perdas nas redes de abastecemento, cuantificando as mesmas e mellorando a eficiencia e eficacia das redes de distribución, así como plans de aforro de grandes consumidores urbanos.	Calquera mes
	A2	Estudos para a orientación da campaña de regadío (tipo de cultivo e método de regadío). Estudo da redución do consumo de auga mediante a modernización dos sistemas de rego, colocación de contadores. Redacción de plans de aforro nas Comunidades de Regantes.	Calquera mes
	A2	Estudos de correlación entre secas e incendios e o seu impacto nos ecosistemas acuáticos. Programas de actuación en caso de incendio.	Calquera mes
	A3	Estudos de análises para o establecemento de reservas estratéxicas, e/ou mobilización de recursos subterráneos.	Calquera mes
	A3	Estudos de dispoñibilidade de recursos.	Calquera mes
	C2	Creación dun grupo de traballo sobre as situacións de seca e escaseza no seno do Comité de Autoridades Competentes, ó amparo do artigo 6.1 RD 126/2007, do 2 de febreiro.	Calquera mes
	C2	Crear unha plataforma onde as administracións locais e comunidades de usuarios e de regantes, informe sobre os seus consumos e puntos de captación.	Calquera mes
D	Deseño, planificación e programación de campañas de aforro, prevención e sensibilización cidadá para situacións de seca prolongada, escaseza e seca extraordinaria, así como a orientación da campaña de regos (tipos de cultivo e método de rego).	Calquera mes	

10.3.2.2 Escenario de escaseza moderada (PREALERTA)

A fase de escaseza moderada non representa unha situación preocupante con respecto á existencia fiable de problemas para a atención adecuada ás demandas de causas conxunturais.

A situación do nivel de prealerta virá indicado polo organismo de conca en base aos criterios establecidos nos seu PESS. Este escenario está ligado á identificación de valores nas variables hidrolóxicas de referencia que, no caso de manter unha tendencia decrecente, daría lugar a unha situación, máis ou menos próxima, que xa reflectía problemas relacionados coa escaseza conxuntural.

Durante esta fase de escaseza moderada deberían introducirse progresivamente medidas para atrasar ou evitar, na medida do posible, a entrada en fases máis graves de escaseza. Estes serían accións que, sen provocar afectacións ou ser moi reducidas, poden mitigar ou retrasar a chegada a un escenario de escaseza grave (alerta).

O Plan Especial ante Situacións de Seca da Confederación contempla neste situación medidas específicas en catro campos:

- En **XERAL**: seguimento dos indicadores e realización de informes e difusión dos diagnóstico de forma que se asegure que os usuarios tomen conciencia da situación.
- En canto á **DEMANDA**: desenvolvemento de campañas de educación e sensibilización sobre o aforro promovendo accións voluntarias para o aforro conxuntural de auga.
- En relación coa **OFERTA**: estudar a oportunidade específica para poñer en práctica as medidas programadas no plan para situacións máis graves, como opcións para substituír ou usar fontes non convencionais ou outras, como transferencias ou intercambios de dereitos. Así como o inventario, actualización e mantemento das infraestruturas específicas para facer fronte á escaseza da situación, para que poidan ser activadas con garantía se a situación empeora.
- En canto á **ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA**: información da situación ás Xuntas de Explotación e a Comisión de Concas sobre situación actual e sobre as medidas previstas no plan especial para xestionar o problema en caso de agravamento. Favorecer a coordinación entre entidades públicas e privadas vencelladas ao problema.
- En canto ao **MEDIO AMBIENTE**: accións de vixilancia para conservar e protexer o recurso e os ecosistemas acuáticos e deseño de programas para Seguimento específico para rexistrar os impactos ambientais asociados a episodios críticos.

O concello colaborará activamente naquelas medidas adoptadas polo órgano de conca no seu territorio e poderá tomar medidas de coordinación, divulgación, planificación e vixilancia que lles sexan propias do ámbito das súas competencias, así como colaborar coa administración hidráulica na aplicación das medidas previstas. En concreto incidirase especialmente en:

- Coordinación co organismo de conca para o coñecemento da situación e das accións tomadas por este nas diferentes liñas de actuación previstas.
- Divulgación e cooperación con aquelas medidas que aplique a Confederación Hidrográfica e que afecten ao territorio municipal.
- Estudo da capacidade do recurso mediante o coñecemento concreto das captacións planificación das medidas e conservación e mellora que puideran ser necesarias.

Táboa 35. Medidas específicas para o concello a efectos de escaseza nun escenario de prealerta. Fonte: chminosil.es

	Tipoloxía	Medida a adoptar	Momento de activación
PREALERTA	A2	Seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS	Calquera mes
	A2	Seguimento dos caudais circulantes, aportacións e estado de encoros a través dos sistemas de información existentes.	Calquera mes
	A2	Seguimento da evolución das demandas	Calquera mes
	B1	Activación das campañas de concienciación, educación, sensibilización cidadá e aforro voluntario deseñadas na fase de normalidade para o escenario de prealerta que indican o aforro voluntario, co fin de que a sociedade e os usuarios se impliquen no proceso e asuman a necesidade de reducir a utilización e o consumo dos recursos hídricos, así como de orientación da campaña de regos (tipo de cultivos e método de regos).	Mes de entrada no escenario de prealerta
	B1	C:R: Información ós usuarios e regantes sobre a orientación da campaña de regos en situación de seca e/ou escaseza (tipos de cultivo e métodos de rego), para que tomen decisións sobre os cultivos, asumindo voluntariamente os regos que poidan derivarse de optar ou non por producións que poidan ser máis ou menos sensibles á escaseza.	Calquera mes
	B2	Valoración da disposición e situación para o uso de reservas subterráneas, captacións alternativas, reservas estratéxicas, reutilización de augas depuradas, encoros existentes con usos distintos ao abastecemento ou regadío, utilización de infraestruturas recollidas no inverno para afrontar as situacións de escaseza, posta en marcha de transferencias internas e externas, todo conforme aos estudos elaborados en fase de normalidade.	Mes de entrada no escenario de prealerta
	B3	As augas depuradas polos núcleos de poboación terán como uso preferente o mantemento de caudais mínimos.	Mes de entrada no escenario de prealerta
	B4	Intensificación do control da operatividade de depuradoras e estacións de tratamento de auga potable conforme ao programa deseñado en situación de normalidade, co fin de evitar o deterioro do estados das masas de aiga e da calidade das augas de consumo en situacións de seca prolongada e/ou escaseza para esta fase de prealerta.	Mes de entrada no escenario de prealerta
B4	Seguimento de indicadores para a execución do Plan, dos seus efectos e do cumprimento de obxectivos, e información pública.	Calquera mes	

10.3.2.3 Escenario de escaseza severa (ALERTA)

A fase de escaseza grave ou alerta é a primeira que identifica realmente unha situación na que a zona afectada (UTE ou conxunto de UTE) presenta problemas conxunturais importantes para satisfacer as demandas satisfactoriamente.

É un escenario ao que se chega despois dunha diminución progresiva dos indicadores despois de pasar por un escenario anterior de escaseza moderada (prealerta). En consecuencia, cando se acade esta fase, xa se terían tomado accións de conservación e aforro de recursos que pretendían retrasar ou evitar o alcance desta situación; con todo, non se darían as condicións favorables -principalmente meteorolóxicas- que evitarían a chegada da escaseza severa. Coa entrada a este escenario, agora convén adoptar medidas de xestión a curto prazo, de maior intensidade e impacto que as anteriores, co dobre obxectivo de paliar os impactos socioeconómicos e ambientais producidos pola xa evidente situación de escaseza e de atrasar ou evitar na medida se é posible a chegada eventual a unha situación de grave escaseza ou emerxencia.

O Plan Especial ante Situación de Seca da Confederación fai referencia novamente a accións concretas nas catro liñas de actuación:

- Con carácter **XERAL**: manter e facer previsións sobre a evolución no diagnóstico que ofrecen os indicadores con medicións, baseadas na extrapolación a finais de mes, de datos correspondentes ao día 15.

- Sobre a **DEMANDA**: redución do volume de auga subministrado mediante limitación de usos non esenciais de grandes consumidores (fontes, regos, baldeos, etc.), redución do volume subministrado para regadíos, penalización de consumos excesivos, campañas de concienciación e educación que impliquen na situación aos usuarios.
- Sobre a **OFERTA**: activación dos Plans de Emerxencia naqueles casos nos que exista, Activación das regras tácticas sobre o aproveitamento e control de caudais, redución de caudais ecolóxicos, aumento das extraccións de auga subterránea, etc.
- Sobre a **ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA** : información das xuntas de explotación, reunións da Xunta de Goberno para a adopción de medidas tácticas sobre o aproveitamento e control de caudais, mantemento do seguimento e control do indicadores, campañas de información, etc. No caso de que se teña declarado a situación excepcional por seca extraordinaria procederase a Constitución da Comisión Permanente da Seca.
- Sobre o **MEDIO AMBIENTE** : vixilancia, conservación e protección do recurso e dos ecosistemas acuáticos; rexistro de datos que permitan cuantificar a magnitude do impacto causado.

A escaseza severa e entrada en nivel de alerta determina a aplicación de medidas con un salto notable do impacto sobre as condicións hidrolóxicas e de abastecemento sobre todo no que se refire á capacidade de aplicar restricións nos usos e demandas como tamén naquelas medidas relacionadas co aproveitamento e control de caudais.

Sen dúbida unha das medidas principais é que a partir da declaración do estado de ALERTA quedarían activados os PLANS DE EMERXENCIA daqueles sistemas de abastecemento con contén con este instrumento.

Na práctica a declaración do estado de ALERTA determinará a activación do Plan de Emerxencia ante o Risco de Seca no concello de Avión.

Na medida do posible o Concello aliñará as actuacións propias que poida levar a cabo nesta situación de prealerta coas liñas de actuación da levadas a cabo dende a Demarcación Hidrográfica.

De maneira complementaria e coordinada coas accións de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil na aplicación do seu Plan Especial de Seca, o concello de Avión abordará medidas concretas coordinadas no seu territorio como poden ser, entre outras:

- Aplicación de todas as medidas tomadas en niveis de gravidade anteriores (Prealerta).
- Definición de estratexias de redución da demanda. Aplicación de criterios de restricións por usos, for franxas horarias, etc.)
- Aplicación de medidas e de mellora do rendemento do sistema de abastecemento.
- Estudo e aplicación de medidas de reutilización de augas naqueles casos que puidera darse.
- Realización de tarefas complementarias de mantemento e conservación das captacións.
- Creación de novos puntos de captación.
- Creación de sistemas de transvase temporal ou permanente entre diferentes depósitos da rede.
- Etc.

Na declaración de ALERTA o Concello activará o Plan de Emerxencia ante o Risco de Seca. Nese momento será constituída a COMISIÓN LOCAL DA SECA.

A COMISIÓN LOCAL DA SECA estará integrada polo seguintes membros:

- Alcalde
- Un membro de cada un dos partidos políticos representados no concello

- Un funcionario público ou empregado municipal
- Un representante das forzas e corpos de seguridade (local)
- Un representante dos servizos de protección civil
- Un representante de cada un dos sistemas de abastecemento de titularidade veciñal ²

O obxectivo da COMISIÓN LOCAL DA SECA será o estudo, seguimento e toma de medidas concretas no ámbito local ante a situación declarada de ALERTA por seca. Neste marco serán competencias específicas da comisión:

- Estudo do estado do recurso e información sobre o comportamento individual de cada captación e cada depósito.
- Seguimento dos caudais de cada captación e dos niveis nos depósitos.
- Estudo de medidas de xestión (demanda e oferta), e de control e seguimento uso do recurso hídrico.
- Determinación de medidas a implantar.

Nesta situación o concello poderá mobilizar todos os medios propios que considere para a realización dos traballos que sexan precisos durante o tempo que perdure a situación.

Na actualidade o concello de Avión conta cos seguintes medios propios:

Personal

- 1 Operario de Obras
- 1 Tractorista
- 1 Xefe de Servizos
- 8 Grupo de emerxencias Supramunicipal
- 1 Vixilante Municipal (Auxiliar de Policía Local)
- 10 Voluntarios de Protección Civil

Medios Materiais

- 1 Camión de Incendios semiurbano con 1.200 Litros de capacidade
- 2 Pick Up
- 1 Tractor con Brazo articulado
- 1 Retroexcavadora rixida
- 1 Retroexcavadora pequena
- 1 Vehículo Todoterreno Policía Local
- 1 Land Rober de 7 prazas

Calquera dos medios a disposición do Concello, poderán ser mobilizados co obxectivo de acometer as medidas que se vaian tomando en cada momento para paliar os efectos da seca no municipio.

² O representante dos sistemas veciñais formarán parte da comisión de seca únicamente no relativo ao que poida afectar ao sistema de abastecemento ao que representa.

Táboa 36. Medidas específicas para o concello a efectos de escaseza nun escenario de alerta. Fonte: chminosil.es

	Tipoloxía	Medida a adoptar	Momento de activación
ALERTA	A2	Seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS	Calquera mes
	A2	Seguimento da evolución das demandas	Calquera mes
	B1	Activación das campañas de concienciación, educación, sensibilización cidadá e aforro voluntario, co fin de que a sociedade e os usuarios se impliquen no proceso e asuman a necesidade de reducir a utilización e o consumo dos recursos hídricos, así como de orientación da campaña de regos (tipos de cultivo e métodos de rego)	Mes de entrada no escenario de alerta
	B1	Restricións e/ou prohibicións de subministro en usos e destinos non prioritarios tales como, rego de xardíns públicos e privados, zonas verdes deportivas públicas e privadas, baldeo de rúas, láminas de auga, fontes para consumo humano sen dispositivos automáticos de pechado, lavado con manguerías de vehículos salvo empresas dedicadas a dita actividade, instalacións de refrixeración e acondicionamento que non teñan en funcionamento o sistema de recuperación.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B1	Redución da presión nocturna en redes urbanas	Mes de entrada no escenario de alerta
	B1	Penalización de consumos excesivos	Mes de entrada no escenario de alerta
	B1	Penalización de consumos excesivos, aprobación de tarifas estacionais en caso de escaseza e estudo de incentivos por consumos responsables.	Mes de entrada no escenario de emerxencia
	B2	Utilización de medios excepcionais (cisternas), nos casos nos que sexa estritamente necesario.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B3	Redución do volume de auga subministrada para abastecemento urbano, industrial e regadío en ao menos un 10%, de acordo cos Plans de Emerxencia das Administracións Locais e Programas de Desencoro.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B3	Activación dos plans de emerxencia ante situacións de seca por parte das administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan a unha poboación >20.000 habitantes.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B3	Limitacións de consumo, cortes temporais durante o período nocturno para impedir perdas por fugas.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B4	Comunicarase ao responsable dos sistemas de depuración a necesidade de manter altos rendementos na depuración e a obrigación de comunicar calquera fallo na planta que poida afectar á calidade do vertido.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B4	Reforzo conxuntural na vixilancia para asegurar o cumprimento das medidas adoptadas e estudar a conservación e protección do recurso e dos ecosistemas acuáticos considerando protección de zonas húmidas, das especies fluviais e o impacto das medidas adoptadas sobre o medio rural.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B4	Intensificación do control da operatividade de depuradoras e estacións de tratamento de auga potable conforme o programa deseñado en situación de normalidade, co fin de evitar o deterioro do estados das masas de augas e da calidade das augas de consumo en situacións de seca prolongada e/ou escaseza para esta fase de alerta.	Mes de entrada no escenario de alerta
	B4	Atenuar o aproveitamento directo da auga de zonas protexidas/sensibles.	Mes de entrada no escenario de alerta
B4	Evitar o aproveitamento de volumes mínimos dos encoros en caso de que se encontre en risco de eutrofización.	Calquera mes	

10.3.2.4 Escenario de escaseza grave (EMERXENCIA)

As medidas de emerxencia actívanse no escenario co mesmo nome e teñen como obxectivo ampliar a dispoñibilidade dos recursos o maior tempo posible e, no seu caso, proporcionar medidas de alivio que poidan ser necesarias para paliar os efectos do problema.

Durante o escenario de alerta teranse executado as medidas previstas para paliar as condicións e retrasar ou tentar evitar a entrada no escenario de emerxencia. Non obstante, se a pesar das medidas

adoptadas, as condicións non melloran, o problema pode afondar e poden producirse problemas conxunturais para satisfacer as demandas máis importantes nunha ou varias UTE.

A gravidade da situación debe analizarse continuamente, pero nesta fase, que por definición debe ser excepcional, hai que ter en conta outras medidas excepcionais. Por este motivo, ademais das medidas anteriores pertinentes e que mesmo poden reforzarse, deben adoptarse as medidas excepcionais e extraordinarias que se poidan aplicar, especialmente se se realizou a declaración de situación excepcional por mor da seca extraordinaria, o que obxectivamente leva ás opcións que ofrece o artigo 58 do TRLA destinadas a enfrontarse a situacións excepcionais mediante medidas extraordinarias que, se é necesario, deben adoptarse mediante un Real Decreto do Goberno.

- Con carácter **XERAL**: Durante este escenario, débese prestar atención continua ao seguimento e evolución previsible dos indicadores de seca, incluíndo a incorporación de medidas, controis e análises específicos.
- Sobre a **DEMANDA**: será necesario organizar un sistema de restricións. Entre estas medidas pódense considerar: restricións ao volume de auga superficial subministrada para abastecemento, aumento das restricións ao volume de auga superficial subministrada para o rego e outros usos, e fortalecemento das campañas de sensibilización.
- Sobre a **OFERTA**: Mobilización de recurso por vías extraordinarias, intensificación de extraccións de augas subterráneas, incremento de recursos non convencionais, utilización de volumes mortos en embalses e transferencia de recursos externos ou internos de socorro.
- De tipo ADMINISTRATIVO: activación de medidas tácticas en relación co aproveitamento e control de caudais por parte de Xunta de Goberno da Confederación, publicación e divulgación dos datos de seca, coordinación entre administracións e entidades públicas e privadas vencelladas ao problema.
- Sobre o **MEDIO AMBIENTE**: Reforzo conxuntural da vixilancia para asegurar o cumprimento das medidas, estudo, conservación e protección do recurso e dos ecosistemas acuáticos e rexistro de datos baixo programas específicos de seguimento deseñados ao respecto.

En estado de **ALERTA** (situación de escaseza grave), o concello de Avión mobilizará todos os seus efectivos de xeito coordinado coa Administración autonómica, organismo de cunca de Deputación de Ourense.

A **COMISIÓN LOCAL DA SECA** actuará como órgano máximo de xestión e control da situación de escaseza grave para identificar e atender as necesidades locais de maneira complementaria e coordinada coas accións que vaian tomando dende organismos de xestión superiores. Na aplicación do seu Plan Especial de Seca, o concello de Avión abordará medidas concretas no seu territorio como poden ser, entre outras:

- Aplicación de todas as medidas tomadas en niveis de gravidade anteriores (Prealerta e Alerta).
- Información e divulgación á poboación das medidas adoptadas.
- Vixilancia e control intensivo do estado do recurso en todos os sistemas de abastecemento.
- Implantación de medidas de control sobre os usos da auga que garantan o cumprimento das restricións que poidan ser aplicadas.
- Asistencia directa con medios propios ou alleos de situacións de desabastecemento en todos os sistemas.
- Calquera outra que fose precisa para garantir o abastecemento das poboacións.

Táboa 37. Medidas específicas para o concello a efectos de escaseza nun escenario de emerxencia. Fonte: chminosil.es

	<u>Tipoloxía</u>	<u>Medida a adoptar</u>	<u>Momento de activación</u>
EMERXENCIA	A2	Seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS	Calquera mes
	A2	Seguimento da evolución das demandas	Calquera mes
	B1	Activar as campañas de concienciación, educación, sensibilización cidadá e aforro voluntario deseñadas na fase de normalidade para o escenario de alerta que incidan no aforro voluntario, co fin de que a sociedade e os usuarios se impliquen no proceso e asuman a necesidade de reducir a utilización e o consumo dos recursos hídricos, así como de orientación da campaña de regos (tipos de cultivo e métodos de rego).	Mes de entrada no escenario de emerxencia
	B1	Restricións e/ou prohibicións de subministro en usos e destinos non prioritarios tales como rego de xardíns públicos e privados, zonas verdes deportivas públicas e privadas, baldeo de rúas, láminas de auga, fondes para consumo humano sen dispositivo automáticos de pechado, lavado con mangueras de vehículos salvo empresas dedicadas a dita actividade, instalacións de refrixeración e acondicionamento que non teñan en funcionamento o sistema de recuperación.	Mes de entrada no escenario de alerta
